CONCELLO
DE TEO
Secretaría Xeral

A C T A 7/2018

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

– 26 DE XULLO DE 2018 –

Na Casa do Concello, a vinte e seis de xullo de dous mil dezaoito, reúnense en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.ª Concepción García Vázquez

D. Xurxo Francos Liñares

D. Jorge Juan Carballido Salgado

D.ª María del Pilar Pérez Fagil

D. José Francisco Nanín Castro

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.ª Sofia Ferreiro Gaspar

D. Julio César Retis Vázquez

D.ª María Vázquez Rey

D. Ignacio Manuel Arroyo Font

D.ª María Dolores Nariño Facal

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D. Manuel Anxo Fernández Baz

Non asiste, previa escusa:

D. Roberto Moñino Gil

Secretaria xeral:

D.ª Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.ª Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 521/18 Á 601/18)

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TEO E AMES CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTES DE XESTIÓN DA EDAR DE CALO-MILLADOIRO

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN INTEGRAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA 2018-2021

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E ESTUDO DE CUSTOS

7.- MOCIÓNS

8.- ROGOS E PREGUNTAS

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas e dez minutos, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Roberto Moñino Gil, pasándose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 521/18 Á 601/18).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 22 de xuño ata o 19 de xullo de 2018, que comprenden os números 521 ao 601, indicando o sr. alcalde que están a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TEO E AMES CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTES DE XESTIÓN DA EDAR DE CALO-MILLADOIRO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 12 de xullo de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas, de 19 de xullo de 2018.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Teo e Ames co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custes de xestión da EDAR de Calo-Milladoiro

Tomando en consideración que en xullo de 1998 realizouse o proxecto básico da obra OH. 315.440 "Saneamento en Calo e Milladoiro", pola Consellería de Política territorial, Obras públicas e vivenda, e que para o cálculo do dimensionamento da EDAR no anteproxecto estimouse a poboación futura (na área de influenza da EDAR) dos dous concellos no ano 2023, que determinou o seguinte reparto de custes:

Concello	*Poboación 2023*	*Proporción*
TEO	*7.027*	*63,75%*
AMES	*3.995*	*36,25%*

Constatando que na actualidade a realidade difire bastante das previsións, polo que é preciso facer un cálculo real do número de vivendas conectadas a EDAR de Calo en cada concello e establecer unha nova distribución de custos.

Por outra banda, a xestión da EDAR de Calo-Milladoiro polo concello de Teo xerou unha débeda do concello de Ames a partir do ano 2013 que non foi pagada nos prazos oportunos polo que o concello de Teo iniciou o proceso de reclamación xudicial da mesma.

Os feitos arriba enunciados levaron a que os concellos de Teo e Ames, a través dos seus gobernos municipais, buscaran un acordo que permitise avanzar na solución dos dous problemas comúns. Con esta pretensión, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

***Primeiro**.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os concellos de Teo e Ames co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custos de xestión da EDAR Calo-Milladoiro" que se acompaña como anexo*

***Segundo**.- Delegar na Alcaldía os trámites necesarios para a súa formalización*

Teo, 12 de xullo de 2018

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira"

O sr. alcalde explica o concello de Teo interpuxo unha demanda, por medo á prescrición, porque se ben nunca existiu unha negativa ao pago por parte do concello de Ames, se escudaban nas diferenzas cos seus operadores.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que hai que dicir que por fin se aborda esta débeda histórica e anuncia o seu apoio á proposta, desexando que isto non de máis problemas.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que se se consigue arranxar dunha forma racional, moito mellor, engadindo que, aínda que sonou a ameaza, tivo resultado o de levar ao Xulgado ao concello veciño.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que, tendo en conta que a cantidade a percibir é interesante, ao tratarse de case trescentos mil euros, estaría ben saber en que se pretende investir e se vai a reverter no sistema de funcionamento do servizo de augas de Teo.

O sr. alcalde aclara que de feito xa está repercutindo, porque estas cantidades, anualmente no que se pretende gastar e no se que se pretende ingresar no servizo de augas, están contabilizadas dentro do servizo de augas, por iso aparecen cómo débeda, e así por exemplo as ampliacións que se veñen facendo como a de Ferreiriño e a de Monteselo veñen de aí.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 1 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

<u>Primeiro</u>.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os concellos de Teo e Ames co obxecto de regular a porcentaxe de participación de cada concello nos custos de xestión da EDAR Calo-Milladoiro" que se acompaña como anexo

<u>Segundo</u>.- Delegar na Alcaldía os trámites necesarios para a súa formalización

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TEO E AMES CO OBXECTO DE REGULAR A PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DE CADA CONCELLO NOS CUSTES DE XESTIÓN DA EDAR DE CALO-MILLADOIRO

Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI....., alcalde do Concello de Teo na representación do seu concello.

José M. Miñones Conde, con DNI....., alcalde do Concello de Ames, na representación do seu concello.

En_____a_____de_____de 2018.

Ambas partes en representación dos seus respectivos concellos en uso das atribucións conferidas pola Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para prestar os servizos de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais (artigo 25.2.c) e demais normativa sectorial de aplicación, concretamente a lei 9/2010 de 4 de novembro, de aguas de Galicia (artigo 27 e concordantes) expoñen

ANTECEDENTES

Primeiro.- En xullo de 1998 realízase o proxecto básico da obra OH. 315.440 "Saneamento en Calo e Milladoiro", pola Consellería de Política territorial, Obras públicas e vivenda da Xunta de Galicia. Para o cálculo do dimensionamento da EDAR no anteproxecto estimouse a poboación futura (na área de influenza da EDAR) dos dous concellos no ano 2023, que determinou o seguinte reparto de custes:

Concello	**Poboación 2023**	**Proporción**
TEO	7.027	63,75%
AMES	3.995	36,25%

Tendo en conta o tempo transcorrido e a realidade actual dos concellos considerase mais conveniente tomar como criterio de reparto o número de vivendas conectadas á EDAR Calo Milladoiro en lugar do número de habitantes.

Segundo.- Os custes de xestión da EDAR Calo-Milladoiro estimados pola anterior empresa concesionaria da EDAR (Espina & Delfín SL) e presentados nunha reclamación xudicial ao concello de Teo para o ano 2009, debidamente actualizados co incremento do IPC de 2012, eran de 144.417,98 €/ano, ao que habería que sumar 21.137,06€ de xestión de Lamas que reclamou nun novo proceso contencioso. Estas cifras aportadas pola empresa que ata aquel momento xestionaba o servizo de abastecemento e saneamento en Ames, ascende a un total de 165.555,04 €/ano como gastos de xestión da EDAR Calo-Milladoiro.

No ano 2013 o alcalde do Concello de Teo trasladoulle ao alcalde do de Ames o estudo da nova empresa xestora da EDAR Calo-Milladoiro (Aquagest), que establecía uns custos anuais de xestión de 287.437,81€ (sen IVE).

Co obxecto de salvar esta disparidade no estudo de custos, por acordo entre as alcaldías dos dous concellos, a principios de 2014 solicitouse a Augas de Galicia que realizase un estudo técnico de custes da EDAR Calo-Milladoiro. Este estudo, realizado por IDOM, Consultora de Aguas de Galicia, e que se incorpora como ANEXO a este convenio, establece un custo de xestión total de 149.869,85 €/ ano. Neste montante incluíase o custo variable da electricidade, nese ano estimada en 41.437,36€, polo que o custe de xestión, excluída electricidade, é de 108.432,49 €/ano. Estas cifras son sen IVE.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.-.Conforme os artigos 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local tódolos municipios prestarán obrigatoriamente os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento.

Conforme ó artigo 25 2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local os municipios, exercerán en todo caso, como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas na materia de abastecemento de auga potable a domicilio, e evacuación e tratamento de augas residuais.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula a fórmula figura dos convenios e defíneos como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Entre a figura dos convenios atópanse os interadministrativos que son asinados por dous ou mais Administracións Públicas. Nos convenios interadministrativos poderase incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Terceiro.- O artigo 22.2.f da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe como competencia do pleno do concello, a aprobación da forma de xestión dos servizos municipais. O artigo 47.2 do mesmo corpo legal require que o acordo plenario sexa adoptado por maioría absoluta cando se transfiran funcións ou actividades a outras administracións públicas así como a aceptación da delegación ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións públicas.

Recoñecéndose mutuamente ambas partes capacidade para subscribir o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Correspóndelle ó Concello de Teo a administración, control da xestión e mantemento da instalación da EDAR Calo Milladoiro, a cal levarase a cabo de conformidade co disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación

Segunda.- O obxecto do presente convenio é establecer como criterio de participación de cada concello nos gastos de xestión da EDAR Calo Milladoiro, o número de vivendas conectadas ó servizo de saneamento de cada Concello que vertan na EDAR Calo Milladoiro.

Para este fin, cada concello confeccionará anualmente unha listaxe de vivendas conectadas ó servizo de saneamento que verten á EDAR Calo-Milladoiro, con indicación do enderezo de cada vivenda conectada e titular do servizo.

Tomando en consideración o estudo realizado pola consultora IDOM a instancia de Augas de Galicia, os custos de mantemento da EDAR Calo-Milladoiro son os seguintes:

Custe fixo anual (excluída electricidade): 108.432,49€.

Custe eléctrico anual: A xustificar mediante facturas

Custo total: A suma dos dous conceptos anteriores

O custo total será asumido polos concellos de Teo e Ames na proporción do número de vivendas conectadas de cada concello (segundo se especifica no punto primeiro), criterio que se aplicará por primeira vez para ós custos do 2019 que se liquidará en marzo do ano 2020.

Para os custos anteriores ao 2019 se aplicará o criterio do número de habitantes debendo o Concello de Ames aboar ao Concello de Teo as cantidades que, en aplicación deste criterio lle resulten, e que figuran como anexo I. No referido anexo figura tamén o calendario destes pagos.

Terceira.- Establecer unha actualización anual automática do convenio, revisando a porcentaxe de participación nos custes de xestión da EDAR en función do número de vivendas conectadas. Con este obxecto, cada concello elaborará un listado actualizado de vivendas que vertan á EDAR de Calo-Milladoiro a 31 de decembro de cada ano. Este listado será remitido antes do 31 de xaneiro de cada ano.

O custe fixo, excluída electricidade, actualizarase anualmente, coa variación do lPC interanual do mes de decembro de cada ano (a primeira actualización terá en conta o IPC 2018-2019). O custe variable da electricidade establecerase para cada ano a partir do consumo real do ano anterior, xustificado polo concello de Teo coas correspondentes facturas.

Cuarta.- O concello de Teo remitirá ao concello de Ames, antes do 31 de marzo de cada ano, a liquidación correspondente ao ano anterior, axustándose aos criterios establecidos neste convenio. O concello de Ames procederá ao pago da liquidación presentada polo concello de Teo no prazo máximo de seis meses a partir da recepción da liquidación.

Quinta.- A duración do presente convenio será de 4 anos dende a súa sinatura podendo prorrogase de forma expresa por 4 anos mais. Para poder acordar o prórroga os concellos comprométense a realizar un estudo de custos dos gastos de funcionamento da EDAR Calo Milladoiro aos efectos de ter unha información actualizada dos custos reais de funcionamento da EDAR xa que dende o ultimo estudo realizado xa terían transcorrido mais de 10 anos.

Sexta.- Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes ou o incumprimento total ou parcial das obrigas recoñecidas no mesmo.

Sétima.- Os problemas de interpretación ou incumprimento que podan presentarse ao longo da vida do convenio constitúese unha comisión que se reunirá anualmente e estará integrada polo alcalde de cada concello (ou concelleiro no que delegue) e un técnico municipal de cada un dos concellos.

Oitava.- No suposto de causas sobrevidas ou cambios significativos con repercusión no convenio, as partes poderán acordar as modificacións que resulten precisas.

Novena.- Ambas partes comprométense ó cumprimento da normativa sectorial que resulte de aplicación e particularmente a normativa de protección de datos de carácter persoal.

Décima.- O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que poidan xurdir con respecto á modificación, interpretación e resolución do presente convenio o serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa á que as partes se someten expresamente.

Rafael Carlos Sisto Edreira José M. Miñones Conde

O alcalde do Concello de Teo O alcalde do Concello de Ames

ANEXO I

Anualidade	**Calculo**	**Importe**
2013	172.634,32 x 10/12 x 0,3625	52.149.95 euros
2014	172.634,32 x 0,3625	62.579,94 euros
2015	172.634,32 x 0,3625	62.579,94 euros
2016	163.287,54 x 0,3625	59.191,73 euros
2017	163.624,48 x 0,3625	59.313,87 euros
2018	Pendente de liquidación	Pendente de liquidación

Calendario de pagos:

Anualidade 2013	Antes do remate do 31 de decembro de 2018
Anualidade 2014	Antes do remate do 31 de decembro de 2018
Anualidade 2015	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2016	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2017	Antes do remate do 31 de decembro de 2019
Anualidade 2018	Antes do remate do 31 de decembro de 2020

3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da alcaldía de 12 de xullo 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas do 19 de xullo de 2018.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

SEGUNDA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

A Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizo de Escolas infantís municipais foi publicada no BOP do 31 de maio de 2013 e modificada por primeira vez mediante publicación no BOP do 27 de novembro de 2015.

Esta ordenanza foi redactada pensando en que o servizo de Escolas infantís municipais ía ser prestado polo concello de Teo de forma externa, mediante concesión a unha empresa privada.

A posibilidade de que o concello de Teo asuma, tralos informes preceptivos da administración competente por razón de materia sobre a inexistencia de duplicidades e sobre a sustentabilidade financeira da competencia en cuestión, a xestión directa do servizo de Escolas infantís municipais, obriga a modificar por segunda vez a citada ordenanza de xeito que se adapte tamén, e non de forma excluínte, a esta posibilidade.

Con esta pretensión, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Modificar o apartado 6º do artigo 8 que di:

6.- O prezo público se ingresará nunha conta a nome da empresa xestora do servizo, que deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

Que quedará redactado do seguinte xeito:

6.- O prezo público ingresarase na conta que indique o departamento municipal responsable da xestión das EIM ás persoas responsables do pago ao comezo do curso. No caso de que a titularidade desta corresponda a unha empresa privada xestora do servizo, esta deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, non fan uso das súas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 1 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Modificar o apartado 6º do artigo 8 que di:

6.- O prezo público se ingresará nunha conta a nome da empresa xestora do servizo, que deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

Que quedará redactado do seguinte xeito:

6.- O prezo público ingresarase na conta que indique o departamento municipal responsable da xestión das EIM ás persoas responsables do pago ao comezo do curso. No caso de que a titularidade desta corresponda a unha empresa privada xestora do servizo, esta deberá presentar mensualmente a conta recadatoria no rexistro de entrada municipal para o seu control e contabilización por parte dos servizos económicos municipais.

4.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN INTEGRAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA 2018-2021.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da alcaldía de 12 de xullo de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, participación veciñal e mocidade, de 19 de xullo de 2018.

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación do Plan integral de Infancia e adolescencia 2018-2021

Na sesión ordinaria do Pleno municipal do mes de setembro de 2017, celebrada o 27/09/2018, aprobouse solicitar ao Comité Español de UNICEF iniciar os trámites para a obtención do Selo de Recoñecemento Cidade Amiga da Infancia; así como contar co

seu posterior apoio e colaboración para o desenvolvemento, a mellora continua e a innovación das políticas de infancia e adolescencia na nosa localidade.

Posteriormente, na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrado o 31 de xaneiro de 2018, adoptouse o acordo de aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Local da Infancia e Adolescencia do Concello de Teo.

Consecuentemente con estes pasos previos, a proposta do Plan integral de Infancia e adolescencia do Concello de Teo pretende desenvolver no noso concello aquilo que a normativa e os plans e estratexias de rango internacional, nacional, autonómico e local veñen propoñendo nos últimos anos a respecto do que deberían ser as políticas máis avanzadas en favor da infancia.

A proposta de elaboración do Plan asentou en tres premisas básicas:

I. A primeira para garantir a protección, a prevención e a promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia, afondando en como detectar e tratar posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación socio-familiar vulnerable, e como prevelos desde a promoción dos seus dereitos ao considerar que son a base na que se sustenta a súa protección.

II. A segunda vertente para facer efectiva a participación na elaboración deste Plan e no seu correspondente desenvolvemento, tanto dos axentes sociais que teñen relación coas persoas menores de idade, como da propia infancia e adolescencia de Teo xa que consideramos as persoas menores suxeitos activos no seu medio persoal e social.

III. E, por último, a terceira vertente para facer visible todo o que se está a facer en Teo en favor da infancia e a adolescencia, para que sexa coñecido por todos e todas e para que deste coñecemento xurda un interese social por mantelo e conservalo, reavivando a relación entre os distintos axentes sociais implicados.

Con esta pretensión, proponse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO
***Primeiro**.- Aprobar o Plan integral de infancia e adolescencia do concello de Teo que se acompaña como anexo, para o período 2018-2021, no marco da VIII convocatoria de recoñecemento de cidades amigas da infancia. UNICEF Comité Español".*

Aberta a primeira quenda de intervencións, o concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, pregunta quen elaborou o Plan.

O sr. Iglesias di que a dirección e a elaboración do Plan é del mesmo e Eva López Soto, que foron os que dirixiron, planificaron e supervisaron, resultando deles unha parte da redacción.

O sr. Fernández di que hai datos interesantes que se poderían desenvolver moito máis e dar moito máis de si, engadindo que o traballo lle parede significativo. Pon de manifesto o sr. Fernández as moitas dotacións que existen no concello para nenos e nenas, como parques e outros tipos de servizos, que hai que poñer en valor.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, e anuncian o apoio dos seus respectivos grupos á proposta.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 1 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan integral de infancia e adolescencia do concello de Teo que se acompaña como anexo, para o período 2018-2021, no marco da VIII convocatoria de recoñecemento de cidades amigas da infancia. UNICEF Comité Español.

VIII CONVOCATORIA DE RECOÑECEMENTO DE CIDADES AMIGAS DA INFANCIA. UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

PLAN INTEGRAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

2018-2021

CONCELLO DE **TEO**

Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro de Benestar, Igualdade, Mocidade e Participación Veciñal
ignacioiglesias@teo.gal

Eva López Soto
Técnica de Servizos Sociais Comunitarios
educacionfamiliar@teo.gal / 630504106

Índice

1. AGRADECEMENTOS....3

2. INTRODUCIÓN....5

3. REFERENTES....7

Estratéxicos....7

Normativos....8

Conceptuais....9

4. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CONCELLO DE TEO DIAGNÓSTICO....12

5. METODOLOXÍA DE PLANIFICACIÓN....33

6. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN....36

7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN....40

8. EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN....46

9. INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PLAN....47

10. RECURSOS....56

11. ORGANIGRAMAS....57

1. AGRADECEMENTOS

O Concello de Teo quere mostrar o seu agradecemento a todas as persoas e institucións que participaron directa ou indirectamente na elaboración deste Plan de Infancia e sen as cales esta iniciativa non sería posible.

Maiores de 18 anos.

Ás persoas técnicas e con responsabilidades políticas das diferentes áreas e departamentos do Concello de Teo involucradas nesta iniciativa (Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal, Cultura e educación, Deportes, Servizos básicos), pola súa dedicación, motivación e traballo inesgotables.

A todos os **centros de ensino** que participaron no proxecto, pola súa implicación e confianza, ao seu profesorado e ás ANPAS.

- CEIP A Ramallosa
- CEIP A Igrexa-Calo
- CEIP Os Tilos
- IES de Cacheiras

Ás **familias** dos nenos e das nenas que se implicaron neste proceso, fomentando e facilitando a súa participación.

Á **Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos** e ás súas monitoras e monitores polo seu traballo diario en favor da infancia e a adolescencia.

A **Marta Andrade Blanco**, Responsable de Sensibilización e Políticas de Infancia de UNICEF Comité Galicia, polo seu apoio e ánimos.

A todas as persoas e entidades que participaron e participan na **Mesa Comunitaria**, polas súas valiosas achegas e dispoñibilidade.

Menores de 18 anos.

A todas as nenas e nenos que colaboraron co Concello de Teo desde o momento en que se presentou a idea e que son os verdadeiros protagonistas deste Plan.

- Primaria: 175 nenos e nenas.
- Secundaria: 125 nenos e nenas.

Grupo de traballo coordinador do plan.

- Eva López Soto, técnica de Servizos Sociais Comunitarios.
- Ignacio Iglesias Villar, concelleiro responsable da área de Benestar, Igualdade, Mocidade e Participación Veciñal.
- Pilar Faxil, concelleira responsable da área de Cultura e Educación.
- Jorge Carballido Salgado, concelleiro responsable da área de Deportes.
- Xurxo Francos Liñares, concelleiro responsable da área de Servizos Básicos.
- J. Francisco Nanín Castro, concelleiro en apoio das distintas áreas de goberno, especialmente da de Educación.

2. INTRODUCIÓN

O Concello de Teo, coa finalidade de mostrar o seu interese e implicación en todo o que atinxe aos dereitos da infancia e a adolescencia, pretende con este Plan sentar as bases dunha política e unhas actuacións concretas nesta materia, de maneira efectiva, e sobre a premisa de considerar as persoas menores de idade como suxeitos de pleno dereito no marco do establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Desde esa perspectiva, este Plan ten en conta tres vertentes:

I. A primeira para garantir a protección, a prevención e a promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia, afondando en como detectar e tratar posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación socio-familiar vulnerable, e como prevelos desde a promoción dos seus dereitos ao considerar que son a base na que se sustenta a súa protección.
II. A segunda vertente para facer efectiva a participación na elaboración deste Plan e no seu correspondente desenvolvemento, tanto dos axentes sociais que teñen relación coas persoas menores de idade, como da propia infancia e adolescencia de Teo xa que consideramos as persoas menores suxeitos activos no seu medio persoal e social.
III. E, por último, a terceira vertente para facer visible todo o que se está a facer en Teo en favor da infancia e a adolescencia, para que sexa coñecido por todos e todas e para que deste coñecemento xurda un interese social por mantelo e conservalo, reavivando a relación entre os distintos axentes sociais implicados.

A metodoloxía que se seguiu para elaborar o Plan consistiu na creación dunha serie de estruturas de participación social que van ser mantidas para a súa posterior constitución formal e desenvolvemento. Esas estruturas de participación, o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) e o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA), deberán converterse na plataforma que recolla e reflicta as expectativas das entidades públicas ou privadas que operan en Teo, dos propios nenos, nenas e adolescentes que viven no noso concello e, en definitiva, de toda a sociedade.

Sendo importante a participación social en xeral, dáse unha especial importancia á que se lle ofreceu de forma innovadora ás persoas menores de idade de Teo para contribuír na elaboración do Plan, xa que partimos da crenza de que ninguén mellor que eles e elas para nos axudaren a coñecer as súas necesidades e a

mellorar a calidade de todo o que se fai neste concello para asegurar o seu benestar e o seu protagonismo á hora de exercer os seus dereitos e responsabilidades como cidadáns e cidadás.

Os **obxectivos xerais** deste Plan foran definidos no diagnóstico participativo[1] e resúmense en catro puntos principais:

1. Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia. Esta transversalización da participación supón o compromiso do concello de manter abertas as canles de participación da infancia e da adolescencia, así como o de estendela a todos os campos en que fose necesario e posible.
2. Xerar maior vinculación co territorio. As especificidades do Concello de Teo en canto á súa configuración xeográfica, urbana e social requiren solucións diferentes para atender as necesidades dun territorio diverso.
3. Manter e crear espazos de convivencia específicos e adaptados ás necesidades da infancia e a adolescencia. En relación co punto anterior, fíxose tamén fincapé na necesidade de manter e crear espazos de convivencia que permitan a interacción entre os e as menores e que lles proporcionen espazos de lecer compartidos.
4. Crear campañas de sensibilización (igualdade, sexualidade, integración, autoestima, etc.). Con estas campañas búscase maior concienciación social e implicación para afrontar con éxito posíbeis situacións relacionadas co ámbito da igualdade, da liberdade sexual, da integración, da autoestima, da seguridade viaria, que con tanta frecuencia foi aludida no proceso participativo, etc.

Rafael Sisto Edreira, alcalde do Concello de Teo

1 Para máis detalles véxase o documento: *4. MEMORIA DE ACTIVIDADES_ConcellodeTeo*.

3. REFERENTES

O Plan de Infancia do Concello de Teo pretende desenvolver no noso concello aquilo que a normativa e os plans e estratexias de rango internacional, nacional, autonómico e local veñen propoñendo nos últimos anos a respecto do que deberían ser actualmente as políticas máis avanzadas en favor da infancia.

Este sería o marco de referencia do Plan de Infancia do Concello de Teo.

- **Estratéxicos**

En maio de 2002, os Xefes de Estado e de Goberno e as persoas representantes dos Estados participantes no período extraordinario de sesións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre a infancia, subscribiron unha Declaración e un Plan de Acción a nivel mundial contida no documento: "Un mundo apropiado para os Nenos e as Nenas", no que se recolle o compromiso dos gobernos para aplicar este plan e para considerar a posibilidade de adoptar medidas para pór en práctica leis, políticas e plans de acción nacionais eficaces e asignar recursos para realizar e protexer os dereitos dos nenos e das nenas así como asegurar o seu benestar.

Por outra parte, o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia supón un importante referente para aqueles que se elaboren posteriormente. A nivel autonómico encóntrase aínda en desenvolvemento o novo Plan Integral de Infancia de Galicia.

A nivel local, o Plan de Infancia do Concello de Teo colleu como referencia os plans de infancia dos concellos galegos e doutras Comunidades que se aprobaron e aplicaron en anos precedentes.

Una inspiración á parte constitúena iniciativas de ámbito estatal como o Programa Cidades Amigas da Infancia, de UNICEF.

E, por último, hai que dicir que o Plan Integral de Infancia de Teo colle como referencia imprescindible a experiencia acumulada polas institucións públicas e privadas que traballan no noso municipio en favor dos dereitos da infancia e o bo facer e o compromiso que veñen demostrando as persoas que traballan en todas elas.

- **Normativos**

O ordenamento xurídico existente tanto a nivel internacional, estatal como autonómico desenvólvese a partir dun principio primordial como é a concepción das persoas menores de idade como suxeitos activos, participativos e creativos, con capacidade de modificar o seu propio medio persoal e social; de participar na procura e satisfacción das súas necesidades e na satisfacción das necesidades dos outros.

Con base en todo isto existe un amplo desenvolvemento lexislativo que de maneira resumida citamos a continuación:

Internacionais

- Convención sobre os dereitos da infancia, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de novembro de 1990.
- Carta Europea sobre os Dereitos da Infancia. Resolución A-0172/92. Diario Oficial das Comunidades Europeas, 8 de xullo de 1992.
- Convenio sobre protección de menores e cooperación en materia de adopcións internacionais.
- Sesión especial das Nacións Unidas sobre Infancia, maio de 2002.

Estatais

- Constitución española de 1978, cuxo capítulo III do Título I fai referencia á obriga dos Poderes Públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e no seu seo, con carácter singular, a dos nenos e das nenas.
- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de enxuizamento civil.
- Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Autonómicos

- Estatuto de Autonomía.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que lle asigna ás entidades locais responsabilidade na prestación de servizos sociais, así como na execución de programas destinados á infancia e á mocidade.

  - **Conceptuais**

Este Plan colle como base conceptual os principios da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena e pretende promover a abordaxe transversal e multidisciplinar da atención á infancia e á adolescencia mediante a coordinación efectiva dos distintos axentes implicados na garantía, promoción e defensa dos dereitos da infancia que operan no noso territorio.

O Plan de Infancia de Teo vai dirixido a todos os nenos e nenas, entendendo como tales todas as persoas menores de idade, de acordo co previsto no artigo 12 da Constitución española e no artigo 1 da Convención sobre os Dereitos da Infancia, na que se afirma textualmente que se entende por neno e nena todo ser humano menor de dezaoito anos de idade.

Principios Básicos:

1. O principio de **interese superior de nenas e nenos**, mediante o que se asegura que o interese da infancia deberá prevalecer sobre calquera outro interese lexítimo. A aplicación deste principio ha de asegurar a protección e o coidado que precisan os nenos e as nenas para o seu desenvolvemento e benestar, pasando, excepto circunstancias especiais que o impidan, polo dereito do ou da menor a medrar e a educarse na súa contorna familiar e social.

2. O principio de **non discriminación**, de acordo co que todos os dereitos deben ser aplicados a todos os nenos e nenas sen distinción algunha. A aplicación deste principio supón:

   - Promover a **igualdade social**, establecendo mecanismos preventivos, compensadores de situacións de risco. Especial relevancia teñen os aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades e a inclusión social, procurando accións positivas e evitando á súa vez actuacións que etiqueten e segreguen determinadas persoas ou colectivos.

- Manter un enfoque de **xénero**, fomentando unha educación e formación non sexista e perseguindo unha participación equitativa na toma de decisións de nenas e nenos.

3. O principio de **participación** expón a formación de nenas e nenos na participación libre e responsable. Teñen dereito a asumir un papel activo e protagonista na súa comunidade, e deben ofrecérselles oportunidades de participación real na sociedade a través de estruturas propias e non imitativas das das persoas adultas e que lles permitan asumir as súas responsabilidades e exercer os seus dereitos.

Criterios de actuación:

Na elaboración deste Plan Integral, ademais, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- **Globalidade**, tentando coordinar as diferentes áreas de actuación coa infancia e coa adolescencia e contemplando o conxunto de necesidades deste sector de poboación.
- **Análise-Planificación-Avaliación,** examinando a situación e os recursos actuais, definindo obxectivos e medidas e contemplando a valoración da idoneidade das actuacións que o Plan propuxese.
- **Racionalidade**, co dobre obxectivo de rendibilizar os recursos existentes mediante unha xestión coordinada dos mesmos e evitar as duplicidades e solapamentos dos programas e actuacións.
- **Transversalidade**, contrastando os puntos de vista e as experiencias dos diferentes axentes e servizos presentes no territorio, acordando un punto de partida e uns obxectivos comúns.
- **Integralidade**, entendendo os nenos e as nenas como un todo, analizando a multiplicidade de aspectos que afectan á súa vida cotiá e atendendo interrelacionalmente o conxunto das súas necesidades físicas, afectivas e sociais.

Por último, o Plan de Infancia do Concello de Teo incorpora no seu marco conceptual o documento **"Construíndo Cidades Amigas da Infancia", de UNICEF**. Neste texto identifícanse os alicerces básicos para construír un sistema local de goberno comprometido no cumprimento dos dereitos da infancia: estruturas e actividades que son necesarias para involucrar os nenos e as nenas nun movemento activo, asegurar a perspectiva de dereitos da infancia en todos os procesos de toma

de decisións e asegurar un acceso igualitario aos servizos básicos. O proceso de construción dunha Cidade Amiga da Infancia non só demanda compromisos políticos, senón tamén accións concretas a través de todo o goberno local.

Este proceso de construción é sinónimo da aplicación da Convención sobre os Dereitos da Infancia no escenario municipal. O programa inclúe nove elementos que este Plan incorpora como propios:

1. **Participación infantil**: promovendo a implicación activa dos nenos e das nenas nos asuntos que lles afectan; escoitando os seus puntos de vista e tomándoos en consideración nos procesos de toma de decisións.
2. **Un marco legal amigo da infancia**: asegurando unha lexislación, un marco regulamentario e procedementos que sexan consecuentes coa promoción e a protección dos dereitos de toda a infancia.
3. **Unha estratexia de dereitos da infancia para todo o municipio**: desenvolvendo unha estratexia ou unha axenda detallada e exhaustiva para construír unha Cidade Amiga da Infancia, baseada na Convención.
4. **Unha comisión de dereitos da infancia ou un mecanismo de coordinación**: desenvolvendo estruturas permanentes no goberno local que garantan unha consideración prioritaria á perspectiva da infancia.
5. **Análise e avaliación do impacto na infancia**: garantindo que existe un proceso sistemático que analice e avalíe o impacto das leis, das políticas e das prácticas sobre a infancia: previo, durante e posterior á súa aplicación.
6. **Un orzamento para a infancia**: garantindo o compromiso adecuado sobre os recursos e a análise dos orzamentos dirixidos á infancia.
7. **Un informe periódico sobre o estado da infancia**: garantindo a recollida de información e o adecuado seguimento sobre o estado da infancia así como dos seus dereitos.
8. **Dar a coñecer os dereitos da infancia**: garantindo a sensibilización sobre os dereitos da infancia entre as persoas adultas e os nenos e nenas.
9. **Avogacía independente para a infancia**: apoiando ás ONG,s e desenvolvendo institucións independentes de dereitos humanos que promovan os dereitos da infancia.

4. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CONCELLO DE TEO

DIAGNÓSTICO

Localización

Teo é un concello de 18.478[2] habitantes que forma parte da comarca de Santiago. O municipio abrangue un total de 80 km² e limita polo norte con Ames e Santiago de Compostela; polo sur, con Padrón e A Estrada; polo leste con Vedra; e polo oeste con Brión e Rois.

Breve historia

A división territorial de Teo non sempre foi tal e como a coñecemos hoxe. Durante o período do Antigo Réxime, as parroquias actuais do Concello estaban integradas en tres xurisdicións:

- Xurisdición do Xiro da Rocha: Calo, Cacheiras, Luou, Oza, Rarís, Recesende e Reis.
- Xurisdición de Vea: Bamonde, Lucí, Vilariño e Teo.
- Xurisdición de Quinta: Lampai.

Estas tres xurisdicións integrábanse no Señorío do Arcebispado de Santiago de Compostela. Coa constitución dos primeiros concellos no segundo período liberal (1820-1823) a maior parte do territorio hoxe ocupado por Teo coñecíase co nome de Oza, pertencente ao partido xudicial de Sar, figurando nos repartimentos da Deputación de Galicia, por entón única.

A volta de Fernando VII ao Absolutismo en 1823 supuxo a disolución dos concellos constitucionais e o regreso ao Antigo Réxime. Coa división provincial en 1822[3] nas que hoxe coñecemos como as catro provincias galegas, o Concello de Oza seguiu a formar parte do partido xudicial de Sar pero, desde ese momento, dependente en canto á imposición da Deputación da Coruña.

Xa co nome de Concello de Teo, en 1834 o municipio integrouse no partido xudicial de Padrón. Un ano máis tarde[4], xurdiu unha nova división municipal da que

2 Segundo datos facilitados polo INE (actualizados en xaneiro de 2017)

3 Decreto LIX das Cortes do 27 de Xaneiro de 1822 que establece na provincia única de Galicia catro novas provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

4 Cos proxectos de desenvolvemento do R.D. de 23 de Xullo de 1835, segundo a Lei de Reforma Administrativa promovida por Javier de Burgos onde se deseñan as provincias e concellos que se

naceu o Concello de Teo e o seu termo; e no 1836 o Concello de Teo quedou definitivamente integrado por 13 parroquias.

O patrimonio natural, histórico e artístico

O patrimonio do concello de Teo preséntase rico e diverso e abrangue:

- Recursos naturais, ecolóxicos e paisaxísticos, entre os que destacan os leitos fluviais (o sistema fluvial Ulla-Deza, integrado na Rede Galega de Espazos Protexidos), as masas arbóreas (con numerosas carballeiras e soutos), miradoiros (da Agrela e da Pena Escorredía), etc.
- Arquitectura: de pontes (a ponte de Pontevea, a ponte romana de Paradela...), de hórreos (hórreo de Caxade, da reitoral de Luou, de Santa María de Teo, do Casal, de Gondelle...), muíños, pombais, lavadoiros (da Florida, de Noceda, de Requián...), fontes (a Burga da Laña, de Santa Margarida en Loureiro, das Barreiras...), cruceiros (o adro de Teo, o cruceiro de Francos...), igrexas (San Simón de Ons, San Xoán de Calo, San Xoán de Recesende...) etc.
- Arqueoloxía de diversas épocas: megalitismo (mámoas de Trasellas, mámoas de Barreiras, mámoas da Zapateira...), Idade do Bronce (na Pena Bicuda de Loureiro), cultura castrexa (castro de Socastro, de Sebe, de Lucí, de Rarís...), romanización (marco da Potra, restos romanos de Mouromorto), medievo (marco da Agrela, Camiño Real de Iria...) e industrial (fábrica de curtidos da Granxa, Real Fábrica de Papel do Faramello, Dehesa Real de Coto...).
- Festas populares, entre as que destacan os Xenerais do Ulla (celebrada en Oza e cuxa orixe se atopa na Guerra da Independencia contra os franceses, na primeira metade do S.XIX), a Feira Cabalar de San Martiño (celebrada o día do San Martiño, o 11 de novembro, no lugar de Francos, na parroquia de Calo) ou a Batalla de Cacheiras.

Evolución demográfica

Na actualidade, Teo ten unha poboación de 18.478 persoas, das cales 9.411 (un 50,94%) son mulleres e 9.067 (un 49,06%) son homes. A súa evolución demográfica amosa un incremento nas últimas décadas, especialmente desde 1996 até 2012.

Segundo datos do IGE, en 2016 o índice de envellecemento do concello situábase en 90,91[5], sendo a media galega de 153,7. En 2015 a idade media de

manteñen na actualidade.

5 O que significa que por cada 100 persoas de menos de 20 anos, hai 90 de 65 e máis anos.

maternidade era de 33,12 anos e o número medio de crianzas por muller era de 1,02 (tamén segundo datos do IGE).

En canto á poboación migrante, o número total de persoas nacidas no estranxeiro no ano 2017 era de 1.041 persoas. Os países de nacemento máis frecuentes, situados por riba das 100 persoas, foron Venezuela (de onde proceden 164 persoas) e Arxentina (con 143 persoas); seguidos de Francia (70 persoas), Colombia (62 persoas), Uruguai (58 persoas), Brasil (56 persoas) e Alemaña (50 persoas).

- **Datos de situación demográfica sobre infancia e adolescencia no concello de Teo.**

Poboación menor de idade de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2017)

	Poboación de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2017)																		
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Homes	73	75	72	82	72	86	94	92	88	83	108	109	90	107	80	107	92	95	92
Mulleres	59	62	71	75	94	82	88	73	109	104	102	91	85	97	76	108	92	66	69
Total	132	137	143	157	166	168	182	165	197	187	210	200	175	204	156	215	184	161	161

Poboación menor de idade total por sexo (2017)

	Poboación menor de idade por sexo (2017)
Homes	1697
Mulleres	1603
Total	3300

Datos socio-económicos

Segundo datos recollidos do Instituto Galego de Estatística, o Concello de Teo contaba en decembro de 2017 cun total de 7.575 persoas afiliadas en alta laboral, das que 3.635 eran mulleres e 3.940 eran homes.

A nivel empresarial, en 2017 o número total de empresas en funcionamento era de 1.337[6], repartidas nos seguintes sectores:

6 Segundo datos do Instituto Nacional de Estadística



A taxa de paro do concello situouse no mes de xaneiro de 2018 en 1.097 persoas paradas, das cales 482 (o 43,93%) foron homes e 615 mulleres (o 56,06%), segundo os datos do Boletín mensual de paro da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Por sector de actividade, a situación quedaría representada na seguinte gráfica:



Os Servizos Sociais do Concello de Teo

Os Servizos Sociais do Concello de Teo están formados polo conxunto de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades e o acceso á calidade de vida e á participación social do conxunto da poboación do municipio.

O Servizo está composto por unha auxiliar administrativa, unha educadora social e tres traballadoras sociais, das cales dúas exercen como profesionais de referencia para o conxunto da poboación do Concello.

Entre os ámbitos máis habituais de actuación dos servizos sociais municipais está a protección de colectivos vulnerables como son os e as menores. Ademais deste colectivo, prestamos tamén especial atención ao das persoas maiores e das persoas con diversidade funcional. Estas intervencións concrétanse en prestacións tanto técnicas (ofrecendo información, orientación e intervención social por parte das profesionais que forman o equipo de traballo), como en axudas (de carácter económico ou material ou acceso a bonificacións e servizos específicos).

Programas para a infancia e a familia na área dos Servizos Sociais

A seguir explícanse os servizos, programas e axudas que teñen que ver directamente coa atención á infancia e ás familias:

- **Programa de apoio escolar.** Concibido dentro do propio Servizo de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Municipais e na procura da máxima colaboración cos equipos docentes, no ano 2013 comezan as actuacións compensatorias de reforzo escolar dirixidas a nenas e nenos en dificultade social. A actividade distribúese en catro grupos, dous deles de secundaria e dous de primaria, nos que se procura unha atención personalizada centrada nas necesidades do alumnado. Desde este enfoque, poténcianse as competencias básicas de cada participante, promóvense hábitos de estudo e aséntanse as bases para unha aprendizaxe autónoma e máis satisfactoria. Así mesmo, nestas aulas refórzanse coñecementos e resólvense dúbidas sobre as temáticas que están a ser abordadas na escolarización ordinaria, incrementándose as expectativas de éxito escolar, non só por parte do propio alumnado, senón tamén das súas familias e profesorado.

  Participación de nenas e nenos desde 2013 até a actualidade:

2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017
21	20	17	17

- **Bonificación de actividades extraescolares, de conciliación e/ou de lecer e tempo libre**. A ordenanza municipal reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas establece unha exención total da praza para aquelas familias en situación económica desfavorable, xustificándose ben a través da situación económica, ben a través dun informe dos servizos sociais do concello de Teo. A este respecto realízanse 6

bonificacións nas propias actividades municipais culturais e deportivas durante o ano 2017. Existen tamén exencións totais en actividades municipais como Diverteo ou o servizo de Madrugadores a través dun informe dos servizos sociais. Asemade, existen bonificacións de prazas en Asociacións privadas con ou sen ánimo de lucro. Así na ARC Os Tilos en 2017 bonificáronse 4 prazas, e na academia de inglés Gola 3 prazas.

- **Colaboración coa ANPA do CEIP A Ramallosa**. No último trimestre do ano 2017 leváronse a cabo as seguintes actuacións de colaboración que se enmarcan no programa Mochilas solidarias:
  - Entrega de vales por 100 € de material escolar para 7 nenos/nenas pertencentes a familias en dificultade social.
  - Asistencia gratuíta a actividades extraescolares para 7 nenos /nenas pertencentes a familias en dificultade social.
  - Entrega de portátiles a 3 nenos/nenas pertencentes a familias en dificultade social.
- **Prazas de emerxencia reservadas nas Escolas Infantís Municipais.** Nas Escolas Infantís Municipais existe a reserva dunha praza por grupo de idade e centro durante o seu período de apertura. Estas prazas son cubertas atendendo o seguinte criterio: "casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice".

- **Servizo de educación e apoio familiar.** Trátase dun servizo básico que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psico-social dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia. Evolución de familias desde 2014 a 2017:

2014	2015	2016	2017
28	24	33	38

Como se pode observar na táboa e no cadro seguinte, desde 2016 o aumento da demanda é do 9%, con tendencia a seguir aumentando no 2017. Neste ano 2017 benefícianse do programa un total de **38 familias**, chegando a un total de 55 nenas e nenos, en concreto, 21 nenas e 34 nenos entre 0 e 18 anos. O total de persoas ascende a 151.

Os motivos principais da necesidade da intervención socio-educativa aparecen na seguinte táboa:

Motivo da intervención	Nº de familias
Apoio educativo para a promoción da autonomía persoal e a integración social	2
Apoio na parentalidade positiva	7
Apoio na mono-marentalidade, apoio emocional, mellora autoestima	2
Apoio para a integración socio-comunitaria	8
Mediación familiar	1
Orientación familiar	1
Absentismo escolar	3
Discapacidade	7
Acoso escolar	1
Acollemento familiar	4
Maltrato infantil	2

Das 38 familias atendidas, 10 teñen expediente de protección (26,31%), incluíndo os acollementos familiares, que supoñen un 40% do total de expedientes de protección abertos no Equipo Técnico do Menor da Consellería de Política Social.

- **Servizo de axuda no fogar.** Este servizo non está dirixido especificamente á infancia e adolescencia pero, dentro do seu campo de actuación, está incluído este sector de poboación por ser especialmente vulnerable. As atencións de carácter psicosocial e educativo están especialmente prescritas en caso de

servizos de axuda no fogar dirixidos a unidades familiares nas que existen menores a cargo e nas que se observan situacións familiares que poden repercutir negativamente no seu coidado.

- **Axudas municipais de emerxencia social e entrega de axudas materiais en especie.** Tampouco son axudas específicas para a infancia. Non obstante, a cobertura de necesidades básicas de menores especificamente ou de unidades familiares nas que existen menores son obxecto preferente de cobertura. Tanto no relativo á alimentación e a outros materiais básicos, mantemento da vivenda, subministración de servizos básicos da vivenda, material escolar, vacinas non cubertas polo sistema público...
- **O noso concello é socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.** Cada ano o concello de Teo paga a cota de socio ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, un organismo autonómico de cooperación internacional. No ano 2017 con esta achega financiáronse 3 proxectos, un deles dirixido especificamente á infancia: "Polo dereito a unha educación afectiva e sexual saudable para crianzas, adolescentes e mocidade do municipio de Chinautla", en Guatemala. Neste ámbito, cómpre destacar que no ano 2017 tamén se realizou unha achega específica para a Campaña de Refuxiados.
- **Escolas Infantís Municipais (EIM)**. As Escolas Infantís Municipais prestan atención aos nenos/as escolarizados nelas, tanto nos aspectos educativos do primeiro ciclo de educación infantil como asistenciais (alimentación, coidado e hixiene), dentro do horario de funcionamento das escolas. A educación infantil de primeiro ciclo está dirixida a nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos e cumpre, respecto dos/das menores, unha dobre función, educativa e asistencial, ao tempo que fai un labor facilitador da conciliación persoal, laboral e familiar no que respecta ás familias.

Problemas de vivenda: infravivenda e chabolas. Menores afectados.

Situado na parroquia de Calo, a escasos metros da estrada de Pontevedra que cruza o Milladoiro, encóntrase o lugar do Carballal. Neste asentamento, localízanse 6 infravivendas ou vivendas de bloque, nas que habitan 5 unidades de convivencia, que manteñen entre si vínculos directos de parentesco, e que agrupan 18 persoas (7 homes, 6 mulleres e 5 crianzas de 2, 3, 6, 15, e 16 anos). A proximidade na convivencia, as deficientes condicións de habitabilidade e outras situacións de vulnerabilidade, dálle ao traballo con esta poboación unhas características

particulares, que fai máis diferencial, que no resto dos casos, a actuación con este sector de poboación. Na actualidade, e desde o ano 2008, véñense realizando diferentes accións nos diferentes ámbitos de intervención.

- Acceso aos recursos sociais. Na actualidade, a maioría das familias perciben a RISGA pero non conseguiron acadar inserción laborais. Só unha das persoas ten experiencia laboral por conta allea e están todos e todas as integrantes do núcleo incluídos no Plan de Inclusión Social. Perciben ademais outras prestacións familiares da Seguridade Social e da Xunta de Galicia. Debido ao escaso importe da RISGA, en moitas ocasións teñen acceso tamén a axudas de emerxencia social municipal.
- Promoción educativa. A pesar desta promoción educativa, o rapaz de 16 anos abandonou a escolaridade pero está integrado nun curso de adquisición das competencias clave. Os rapaces de 2 e 3 anos serán escolarizados para o curso que vén na escola infantil municipal e no CEIP de Calo. En canto á poboación adulta, a maioría dos homes teñen acadado o antigo Graduado Escolar e na actualidade están cursando as competencias clave. As mulleres non teñen estudos básicos e, aínda que asistiron a cursos de alfabetización, non acadaron titulación regrada.
- Acceso á vivenda digna. Neste ámbito é onde se atopan os maiores problemas, pois existe un rexeitamento social ao alugueiro de vivendas debido ao racismo presente na poboación e á carencia de recursos económicos con que afrontar o gasto.
- Promoción da saúde. Cada vez é máis xeneralizado o uso dos recursos sanitarios locais, aínda que persiste a tendencia no acceso vía urxencias.
- Acceso ao emprego. Existe baixa cualificación para o acceso ao emprego, pero ano a ano tanto mulleres como homes acceden a diferentes actividades formativas e de cualificación prelaboral.

Recursos sanitarios

No Concello de Teo existen catro centros de saúde:

- Centro Médico de Folgueiras: a este centro de saúde acode a maioría de crianzas e adolescentes da zona de Calo.
- Centro Médico dos Tilos: con presenza maioritaria de crianzas e adolescentes da zona dos Tilos.
- Centro Médico de Cacheiras: con maioría de crianzas e adolescentes da zona da Ramallosa.

- Centro Médico de Pontevea: con maioría de crianzas e adolescentes da zona da Pontevea.

A taxa de mortalidade, segundo datos do Instituto Galego de Estatística situábase en 2005 no 6,65 ‰ e en 2015 en 7,96 ‰.

Niveis de escolarización, absentismo e fracaso escolar.

Centros escolares.

- Escolas Infantís Municipais (IEM)
  - EIM dos Tilos.
  - EIM de Calo.
  - EIM da Ramallosa.
- Centros de Educación Infantil e Primaria
  - CEIP de Calo
  - CEIP Os Tilos
  - CEIP A Ramallosa
- Centro Rural Agrupado
- Instituto de Educación Secundaria de Cacheiras

Absentismo escolar.

Absentismo escolar	3

Fracaso escolar.

Os datos de fracaso escolar por centro son os seguintes:

- CEIP A Ramallosa
  - Número de alumnado que repite: 6
  - Menores escolarizados que repetiron algunha vez: 20
- CEIP Os Tilos
  - Número de alumnado que repite: 5
  - Número de alumnado con áreas pendentes: 14
- CEIP A Igrexa-Calo
  - Número de alumnado que repite: 5

- Número de alumnado con áreas pendentes: 33

- IES Cacheiras:
  - Alumnado repetidor:
    - 1º ESO: 10
    - 2º ESO: 3
    - 3º ESO: 15
    - 4º ESO: 16
    - 1º BAC: 0
    - 2º BAC: 7
  - Alumnado con materias pendentes:
    - 2º ESO con pendentes só de 1º da ESO: 27
    - 3º ESO con pendentes só de 1º da ESO: 1
    - 3º ESO con pendentes só de 2º da ESO: 33
    - 3º ESO con pendentes só de 1º e de 2º da ESO: 5
    - 4º ESO con pendentes de 2º e 3º da ESO: 2
    - 4º ESO con pendentes de 3º da ESO: 32
    - 2º BAC con pendentes de 1º de BAC: 20

Recursos culturais

- **Biblioteca Municipal.** Concibida como un espazo de promoción da lectura e a educación da cidadanía, a Biblioteca Municipal busca ser un lugar de encontro, onde poder formarse, aprender, compartir experiencias e relacionarse a través do seu fondo, programación de actividades para todos os públicos e cesión de espazos para a veciñanza. Este servizo préstase en rede a través de dous puntos de atención: BPM do Grilo-Cacheiras e BPM dos Tilos, ambos os dous de acceso libre e gratuíto.
- **Casas comúns municipais. I**nstalacións socioculturais municipais destinadas ao servizo da cidadanía para a práctica de actividades culturais, sociais e veciñais. Estas actividades deben axustarse ás características dos locais e organízanse ao redor dun regulamento específico que establece o uso e funcionamento dos locais socioculturais municipais do Concello de Teo situados nos lugares de Bamonde, Calo, Campos-Teo, Lampai, Oza, Rarís, Os Tilos, A Torre-Cacheiras, O Grilo-Cacheiras e A Ramallosa.

Recursos deportivos e de lecer.

- Pavillón polideportivo dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
- Pavillón polideportivo Ezequiel Mosquera. Lugar da Ramallosa, parroquia de Lucí.
- Pavillón polideportivo de Calo. Parroquia de Calo.
- Campo de fútbol A Cañoteira. Parroquia de Cacheiras.
- Campo de fútbol de Praíña, Pontevea. Parroquia de Reis.
- Campo de fútbol de Calo. Parroquia de Calo.
- Campo de fútbol de Bamonde. Parroquia de Bamonde.
- Campo de fútbol de Rarís. Parroquia de Rarís.
- Campo de fútbol de Recesende. Parroquia de Recesende.
- Piscina cuberta A Ramallosa. Parroquia de Lucí.
- Piscina descuberta de Luou. Lugar de Ínsua, parroquia de Luou.
- Piscina descuberta dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
- Pistas deportivas de Motouto. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas da Torre. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas de Constenla. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas de San Sadurniño. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Cacheiras.
- Pistas deportivas do Carballal. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas da Área Recreativa da Igrexa. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas de Campos de Mirabel. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas da Piollosa. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas de Vilar de Francos. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Calo.
- Pistas deportivas do Mosteiro. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Lampai.
- Pistas deportivas dos Tilos. Pistas deportivas exteriores. Parroquia dos Tilos.
- Pistas deportivas de Vilanova. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Recesende.
- Pistas deportivas de Fontenlo. Pistas deportivas exteriores. Parroquia de Teo.

Actividades deportivas.

O concello conta tamén cunha programación anual de actividades que inclúe, entre outras, as seguintes realizadas en escolas deportivas (de 3 a 17 anos):

- Baile kids
- Baloncesto
- Karate
- Kickboxing
- Patín
- Minitenis
- Psicomotricidade
- Tiro con arco
- Ciclismo
- Bádminton
- Rugby e fútbol americano
- Béisbol
- Skate
- Tenis
- Atletismo
- Pádel
- Judo
- Xadrez
- Bicitrial
- Taekwondo
- Voleibol
- Natación

Clubs deportivos

- Clubs de fútbol.
  - S.D.C. Recesende.
  - S.D. Cacheiras.
  - Club de Fútbol de Rarís.
- Clubs de baloncesto
  - Club Amigos de Teo.
  - Club CD Galogrin.
  - Club GMU.
- Outros.
  - Club de ciclismo Anova Racing Team.
  - Club deportivo Lobos. Práctica e ensinanza de rugby e fútbol americano para nenos e nenas entre 4 e 18 anos.
  - Club de aeromodelismo Estela.
  - Club de Billar.
  - Club San Francisco. Actividades de karate, fútbol sala, judo e xadrez.

- Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos.
- Family Pádel.
- Squash Club Santiago – Club de Tenis.

Recursos de lecer.

- Parques infantís municipais.
  - Parque infantil da Unitaria de Raxó. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil da Unitaria de Cacheiras. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil da Unitaria de Casalonga. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil da Unitaria de Reis. Parroquia de Reis.
  - Parque infantil do CEIP de Calo. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil da EI da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
  - Parque infantil do CEIP da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
  - Parque infantil da EI dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
  - Parque infantil do CEIP dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
  - Parque infantil e biosaudable do Cemiterio. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil e biosaudables dos Tilos. Parroquia dos Tilos.
  - Parque infantil Dolmen. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil de Tribaldes. Parroquia de Bamonde.
  - Parque infantil do Coto. Parroquia de Bamonde.
  - Parque infantil de Lamas. Parroquia de Bamonde.
  - Parque infantil de Montouto. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil As Torres. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil de Penelas. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil do parque Montouto. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil de San Sadurniño. Parroquia de Cacheiras.
  - Parque infantil de Vilar de Francos. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil Campos de Mirabel. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil de Fixó. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil da S.R. de Calo. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil da Igrexa de Calo. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil de Ameneiro. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil do Carballal. Parroquia de Calo.
  - Parque infantil de Mosteiro. Parroquia de Lampai.

- Parque infantil do Concello. Parroquia de Lucí.
- Parque infantil Val da Ramallosa. Parroquia de Lucí.
- Parque infantil de Luou. Parroquia de Luou.
- Parque infantil de Ribas. Parroquia de Oza.
- Parque infantil de Bouñou. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil de Sestelo. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil de Rarís. Parroquia de Rarís.
- Parque infantil da Pedra. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil do Casal. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil de Vilanova. Parroquia de Recesende.
- Parque infantil Praíña. Parroquia de Reis.
- Parque infantil de Monteselo. Parroquia de Reis.
- Parque infantil de Fontenlo. Parroquia de Teo.
- Parque infantil de Cerdeira. Parroquia de Vilariño.

- Áreas recreativas.
  - Área Recreativa de Mouromorto, parroquia de Calo.
- Sendas.
  - Acondicionadas neste momento:
    - Texexe
    - Vilanova de Recesende
    - Desde a urbanización Augas Mansas ao IES de Cacheiras.
    - Do IES de Cacheiras á pista que dá ao campo de fútbol da Cañoteira.
    - Da estrada da Xunta en Cacheiras ao campo de fútbol da Cañoteira.
    - Desde a igrexa de Luou á marquesiña entrada Bustelo.
    - Do lugar do Sisto á urbanización Augas Mansas.
    - Desde o núcleo de Solláns cara a Vilar de Calo.
  - Previstas para executar na primavera deste ano:
    - Desde o Carballal ao centro de saúde de Calo, pasando por Campos de Mirabel e dando servizo a varias marquesiñas de autobús escolar.
    - Conexión da senda de IES de Cacheiras coa existente fronte ao campo de fútbol da Cañoteira, pechando a conexión entre o IES e Cacheiras.
    - Conexión CEIP Os Tilos co pavillón municipal.
  - Previstas para executar a finais deste ano:
    - Desde Vilanova (en Recesende) até a estrada da Xunta na Pedra.
    - Desde o lugar do Raxó até a estrada da Xunta en Cacheiras.

- Espazos naturais.
  - Muíño da Ribeira. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Cacheiras.
  - Carballeira de Francos. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Calo.
  - Ponte de Paradela. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Calo.
  - Carballeira da Capela de Santa Ana. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Lampai.
  - Parque forestal do Xirimbao. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Reis.
  - Parque forestal da Burga. Espazo natural con mobiliario urbano. Parroquia de Reis.
  - Miradoiro da Pena Escorredía. Miradoiro con mobiliario urbano. Parroquia de Cacheiras.
  - Miradoiro de Agrela. Miradoiro con mobiliario urbano. Parroquia de Lampai.
  - Parque biosaudable dos Robles. Parroquia de Cacheiras.
- Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos. Deseñada para facilitar a conciliación familiar, laboral e persoal. Ademais de actividades lúdico-educativas conta con campamentos nos períodos de vacacións.
- Clube San Francisco Teo. Entidade deportiva que desenvolve, xunto con outras actividades, o Obradoiro de Psicomotricidade con bebés de 1-2 e 2-3 anos.
- Sociedade Recreativa de San Juan de Calo. Entidade sen ánimo de lucro que potencia a cultura e a práctica deportiva. Conta cunha Escola de Música Tradicional galega.

Recursos informáticos e TIC

O Concello de Teo conta cunha Aula de informática para facilitar o acceso da veciñanza ás novas tecnoloxías e promover a sociedade da información e do coñecemento. A aula de Informática conta nestes momentos con doce computadores persoais. Tamén dispón de cascos para os ordenadores e lectores de tarxeta, dunha impresora láser e unha multifunción na que se poden imprimir e escanear todo tipo de documentos.

Por outra banda, e co obxectivo de facilitar o manexo das novas tecnoloxías, a aula de informática realiza cursos e actividades durante todo o ano:

- Aula Aberta a Internet, con acceso a internet de balde.
- Cursos, entre outros:
  - Curso de Introdución á Informática para nenos de 5 a 10 anos
  - *Curso de introdución á informática para maiores de 16 anos*
  - *Curso de introdución ao programa informático Word*
  - *Curso de introdución ao programa informático Excel*
  - *Curso de PowerPoint*
  - *Curso de iniciación a Internet*
- Obradoiros: Xornadas de iniciación ao correo electrónico, Xornadas de busca de emprego, Xornadas de seguridade en Internet...

Asociacionismo

O Concello de Teo destaca pola vitalidade do seu movemento asociativo, sendo as principais asociacións:

- Asociación Cultural A Ponte Vella, en Reis.
- Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras.
- Asociación Cultural A Mámoa, en Luou.
- Sociedade Recreativa de San Xoán de Calo.
- Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos.

PARTE VALORATIVA

Para a realización do diagnóstico leváronse a cabo distintas liñas de acción que axudaron á recollida de información e, posteriormente, á elaboración dunha análise valorativa da situación da infancia e adolescencia no Concello de Teo. Para iso, traballouse con distintos grupos de persoas: crianzas e adolescentes de menos de 18 anos e persoas adultas. Pódense consultar en detalle todas as actividades e conclusións no documento *5. Informe de situación da infancia e a adolescencia. Diagnóstico*. A seguir ofrecemos unha versión sintetizada do recollido nese documento.

Análise DAFO realizada coas persoas integrantes do FoPIA

Debilidades

- Problemas de mobilidade e seguridade viaria.
- Instituto pequeno.
- Falta de espazos deportivos para andar en bici e outros (patinetes etc.).
- Deficiencias no currículo escolar.
- Deficiencias nas infraestruturas escolares.
- Instalacións sanitarias pequenas.
- Falta de festas e de comisións.
- Necesidade de arranxar parques.
- Baixa calidade da alimentación e da auga nas escolas.

Ameazas

- Falta de prazas no instituto.
- Contaminación.
- Precarización da alimentación nas escolas.
- Deficiencias nas infraestruturas escolares.

Fortalezas

- Forza rural importante.
- Boas instalacións deportivas.
- Máis xente nova galegofalante.
- Bo clima e pouca contaminación.
- Bos parques.
- Tranquilo.

Oportunidades

- Recuperación de falantes de galego.
- Máis xuventude, máis oportunidades de festa.
- Máis educación en galego, máis oportunidades de negocios.
- Concello exemplo de seguridade viaria.
- Máis emprego.
- Mellorar o sistema educativo.

Análise DAFO coa Mesa de Coordinación Interna

Debilidades

1. Dispersión xeográfica e ausencia dun núcleo de poboación forte.
2. Falta de espazos de convivencia e interacción.
3. Transporte público escaso.
4. Desenvolvemento urbanístico deficiente.
5. Elevada porcentaxe de poboación que fai a súa vida persoal e/ou laboral fóra do concello (por exemplo, no de Santiago de Compostela).
6. Existencia dun núcleo (Carballal) de infravivenda.

Ameazas

1. Desvinculación social do territorio.
2. Falta de vivenda pública.
3. Taxa en descenso da natalidade.
4. Deterioro dos edificios escolares.
5. Proximidade a Santiago de Compostela.

Fortalezas

1. Pirámide demográfica con moita xente nova.
2. Tecido asociativo forte e con actividades para a infancia.
3. Nivel económico e socio-cultural da poboación elevado.
4. Existencia de servizos de conciliación nas escolas municipais.
5. Diversidade e abundancia na oferta de actividades do concello.
6. Vontade política para afianzar a cultura da participación.
7. Oferta educativa suficiente.
8. Sendas (en construción).

Oportunidades

1. Alta demanda de servizos para a infancia e a adolescencia.
2. Previsión da aprobación dun novo plan de transporte a nivel autonómico.
3. Creación dun futuro espazo de xogo cuberto.
4. Existencia dun único centro de secundaria no concello, o que facilita a intervención.

Análise DAFO coa Mesa Comunitaria ou de Coordinación Externa

Debilidades

1. Implicación baixa de pais e nais.
2. Falta de cultura participativa.
3. Falta de espazos de convivencia e reunión.
4. Falta de traballo coas emocións.
5. Uso de linguaxe negativa en campañas públicas.
6. Necesidade de habilitar rutas seguras a pé.

Ameazas

1. Sistema educativo pensado sen a infancia e a adolescencia.
2. Mal uso das novas tecnoloxías.
3. Sobreinformación.
4. Falta de persoal especializado.
5. Inmediatez e consumismo.
6. Problemas non detectados (familiares, sociais etc.).
7. Exceso de actividades extraescolares.

Fortalezas

1. Escolas de nais e pais e deportivas.
2. Apoio da administración local.
3. Tecido asociativo.
4. Traballo en rede.
5. Boas infraestruturas e oferta cultural.
6. Capacidade de motivación.
7. Receptividade da cidadanía.

Oportunidades

1. Espazos de participación (como o FoPIA ou o CLIA) como motores de cambio.
2. Escolas de pais e nais e deportivas.
3. En xeral, as novas xeracións son máis creativas.
4. Novas tecnoloxías, cun uso adecuado.

CONCLUSIÓNS

Retos

- Fortalecer a participación da infancia e da adolescencia (acción que xa está en funcionamento coa constitución do CLIA, FoPIA e das mesas de coordinación interna e externa).

- Combater a desvinculación co territorio da infancia e da adolescencia e aproveitar, con esta finalidade, a diversidade de actividades existente.
- Mellorar o transporte público.
- Xerar maior vinculación co territorio.

Prioridades

- Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia.
- Crear campañas de sensibilización (igualdade, sexualidade, integración, autoestima...).
- Manter e crear espazos de convivencia específicos e adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia.
- Xerar maior vinculación co territorio.

Obxectivos a curto e medio prazo para a mellora do benestar e dos dereitos da infancia e da adolescencia no concello.

- Consolidar o FoPIA, dalo a coñecer e fomentar a participación no mesmo por parte das persoas menores de idade do Concello de Teo.
- Consolidar o CLIA, divulgar os acordos alcanzados e darlle visibilidade ás súas funcións entre toda a poboación do concello.
- Fomentar e axudar no desenvolvemento de actividades relacionadas co benestar e os dereitos da infancia e a adolescencia no concello, foren ou non organizadas pola administración local.
- Fornecer soporte financeiro e material para o FoPIA elaborar unha campaña de divulgación sobre seguridade viaria.
- Promover a participación en foros e redes autonómicos e estatais ao redor dos dereitos da infancia e a adolescencia (como a asistencia en maio de 2018 en Oviedo ao *V Encontro Estatal de Consellos de Participación*).
- Reforzar o papel interlocutor da administración local con outras administracións á hora de reclamar ou negociar melloras en ámbitos nos cales non dispón de competencias.

5. METODOLOXÍA DE PLANIFICACIÓN

Antecedentes

O interese do Concello de Teo pola infancia e a adolescencia e polo cumprimento dos seus dereitos demostrouse ao longo destes últimos anos mediante a realización de diferentes actividades organizadas polo propio concello, así como no apoio e soporte de accións levadas a cabo por outras entidades a nivel municipal. A maior parte destas actividades están recollidas na Memoria de Actividades do ano 2017, mais queremos salientar aquí aquelas en que se contou e conta coa participación activa de nenas, nenos e adolescentes do municipio, tanto no deseño das propias actividades como no seu desenvolvemento:

- ✔ TEO/RODANDO. QUERES DAR O TEU PUNTO DE VISTA SOBRE O QUE TE RODEA? Introdución teórico-práctica ao cine documental. Xullo de 2017.
- ✔ Visitas dos centros escolares á Casa do Concello onde puideron interactuar co persoal técnico e con responsabilidades políticas, como o alcalde. Cursos 2017-18 e 2018-19.
- ✔ Concurso para a creación por parte do alumnado do IES de Cacheiras do logo do programa #TeoRecicla do Concello de Teo. Curso 2017-18.
- ✔ Obradoiros formativos e de diagnose participada da situación dos dereitos da infancia e a adolescencia nas 7 aulas de 6º de primaria dos tres centros de educación primaria do concello e nas 5 aulas de 1º da ESO do instituto (IES de Cacheiras). De outubro de 2017 a xaneiro de 2018.
- ✔ Participación do alumnado de 6º de primaria e de 1º da ESO dos centros de ensino do concello na creación e deseño do Foro de Participación da Infancia e da Adolescencia (FoPIA) do Concello de Teo. De outubro de 2017 a xaneiro 2018.
- ✔ Aprobación por parte do FoPIA do seu regulamento interno.
- ✔ Deseño dunha campaña de seguridade viaria por parte do equipo de traballo específico do FoPIA. Meses de marzo a maio de 2018.

Proceso de planificación

De cara á elaboración e concreción das accións necesarias para desenvolver con garantía o proceso do que resulta este plan, mantivéronse diferentes reunións con distintos sectores relacionados coa infancia e a adolescencia, ademais das propias do equipo de traballo, quen coordina todo o proceso. A estes contactos

podemos engadir diferentes solicitudes de información a UNICEF Galicia, así como a asistencia a diversos encontros informativos ao redor da solicitude do selo Cidades Amigas da Infancia.

Reunións co grupo de traballo encargado de elaborar o Plan. O grupo de traballo encargado da redacción deste documento reuniuse semanalmente ao longo de todo o proceso de elaboración do mesmo.

Reunións do equipo de traballo sobre o selo CAI. O equipo de traballo encargado da xestión do selo Cidades Amigas da Infancia ten reunións mensuais desde o comezo do proceso e continuará na forma de Grupo coordinador do Plan unha vez finalicen os trámites precisos.

Reunións con axentes sociais para recoller as súas achegas para o Plan.

- 31/10/2017.- Reunión co profesorado dos tres CEIP do concello. Xornada de formación que ten lugar no CEIP de Calo.
- 14/11/2017.- Reunión con monitoras e monitores da ARC Os Tilos.
- 01/12/2017.- Reunión coas ANPAS. Formación.
- 15/01/2018.- Reunión da Mesa de Coordinación Interna con responsables e persoal técnico de tres concellarías.
- 19/02/2018.- Elaboración da análise DAFO da Mesa de Coordinación Interna con responsables e persoal técnico de tres concellarías.
- 20/02/2018.- Elaboración da análise DAFO da Mesa Comunitaria con persoal técnico do concello e con representantes de entidades locais e persoas con vinculación profesional directa coa infancia e a adolescencia.
- 16/04/2018.- Reunión da Mesa de Coordinación Interna con responsables e persoal técnico de tres concellarías para revisar diferentes puntos do Plan.

Relación de actividades desenvolvidas para recoller as propostas da infancia e a adolescencia para o Plan.

- 06/11/2017.- Actividade formativa e realización de enquisa nas dúas aulas de 6º de primaria do CEIP de Calo.
- 07/11/2017.- Actividade formativa e realización de enquisa nas 3 aulas de 6º de primaria do CEIP da Ramallosa.
- 08/11/2017.- Actividade formativa e realización de enquisa nas dúas aulas de 6º de primaria do CEIP Os Tilos.

- 21/11/2017.- Actividade formativa e realización de enquisa con rapazas e rapaces de diversas idades da ARC Os Tilos.
- 13/12/2017.- Actividade formativa con rapaces e rapazas das cinco aulas de 1º da ESO do IES de Cacheiras e comezo de elaboración colectiva de análise do concello.
- 20/12/2017.- Actividade para a elección de representantes nas cinco aulas de primeiro da ESO do IES de Cacheiras e comezo de elaboración colectiva de análise do concello.
- 17/01/2018.- Continuación da elaboración colectiva de análise do concello e de elaboración de propostas nas cinco aulas de 1º da ESO do IES de Cacheiras.
- 19/01/2018.- Continuación da elaboración colectiva de análise do concello e de elaboración de propostas nas cinco aulas de 1º da ESO do IES de Cacheiras.
- 26/01/2018.- Reunión do Foro de Participación da Infancia e da Adolescencia (FoPIA) do Concello de Teo coa presenza de 24 representantes dos tres CEIP e do IES de Cacheiras.

O 31 de xaneiro de 2018 o Pleno do Concello de Teo aprobou o regulamento do Consello local da infancia e adolescencia. Este Plan de Infancia ten previsto ser aprobado tanto polo Pleno municipal no mes de maio de 2018 como polo vindeiro Pleno do CLIA.

6. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

O proceso participativo realizado no Concello de Teo, e que foi dirixido tanto á poboación infantil e xuvenil como aos actores sociais do concello, permitiron analizar e identificar as necesidades máis urxentes do concello e determinar desta forma cales deberían ser os retos e prioridades que a administración local debería asumir en relación coa garantía dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As conclusións extraídas durante os diferentes encontros permitiron determinar compromisos que se converten así nos obxectivos xerais do Plan:

1. **Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia**. Ao longo destes meses, un dos compromisos marcados polo Concello de Teo na súa candidatura como Cidade Amiga da Infancia e da Adolescencia de UNICEF foi o de favorecer a participación da infancia e da adolescencia. Neste proceso a implicación dos e das menores foi un factor moi positivo que se debe destacar de maneira sobresaliente. Neste sentido, desde o Concello de Teo consideramos que é necesario centrar esforzos en manter esta implicación da poboación menor e, en consecuencia, favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia a outras cuestións que lles poidan afectar. Esta transversalización da participación supón o compromiso do concello a manter abertas as canles de participación da infancia e da adolescencia, así como o de estendela a todos os campos en que fose necesario e posible. Os altos índices de participación nos diferentes organismos creados e a atención e compromiso por todos os debates e actividades propostos, descritos no punto anterior, argumentan en favor desta liña como unha das prioridades e retos do concello. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO realizadas[7]:

7 Toda a información acerca das análises DAFO recóllese no documento: *5. INFORME DE SITUACIÓN DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA. DIAGNÓSTICO*

- Fortalecer a participación da infancia e da adolescencia (acción en marcha co CLIA, FoPIA e as mesas de coordinación interna e externa).
- O FoPIA e o CLIA, e os espazos de participación en xeral, son puntos de partida óptimos para facilitar o cambio.
- A través destes órganos, xunto coa capacidade de motivación que se destaca como fortaleza, sería posible abordar debilidades como a baixa implicación dos pais e das nais.
- Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia.

2. **Xerar maior vinculación co territorio**. As especificidades do Concello de Teo en canto á súa configuración xeográfica, urbana e social requiren solucións diversas para atender as necesidades dun territorio no que se conxugan áreas de gran condensación de poboación de creación recente con outras zonas rurais que abranguen gran parte da superficie do concello. Por un lado, destacouse a importancia e valor de contar cunha zona rural ampla que permite un maior contacto coa natureza, unha comunidade máis unida (da que se destacan aspectos como a seguridade ou a tranquilidade, entre outros) e a oportunidade de ter espazos de lecer ao aire libre. Por outro, tamén se fixeron constar as dificultades que estas mesmas zonas rurais supoñen para a infancia e a adolescencia na súa vida diaria, con grandes cantidades de desprazamentos en vehículos privados, uso frecuente do transporte público ou menor calidade dos servizos por estaren centralizados nas zonas máis urbanas. Así mesmo, as zonas urbanas descríbense como áreas menos humanizadas con gran presenza de vehículos que dificultan a vida autónoma dos e das menores. Todo isto ten como unha das súas consecuencias o baixo grao de implicación co territorio por parte da poboación e que en numerosas ocasións o destino preferido sexa un núcleo próximo e atractivo socialmente como é Santiago de Compostela. Se atendemos á enquisa realizada entre os e as escolares durante a preparación desta convocatoria, a opinión que os e as menores teñen do concello é, de

forma moi maioritaria, positiva e, por tanto, consideramos que é un bo comezo para, a partir destes sentimentos positivos, crear conxuntamente un sentimento de vinculación co concello que garanta o interese por ser teense. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- Combater a desvinculación co territorio da infancia e da adolescencia e aproveitar, con esta finalidade, a diversidade de actividades existente.
- Mellorar o transporte público.
- Xerar maior vinculación co territorio.

3. **Manter e crear espazos de convivencia específicos e adaptados ás necesidades da infancia e a adolescencia**. En relación co punto anterior, fíxose tamén fincapé na necesidade de manter e crear espazos de convivencia que permitan a interacción entre os e as menores e que lles proporcionen espazos de lecer compartidos. Desde o FoPIA, as persoas que exercían como representantes manifestaron tamén este punto como un dos que maior interese suscitou entre os e as compañeiras. Se ben se destaca a existencia de numerosos parques infantís no concello e outras instalacións deportivas e comunitarias como factores positivos, tamén se reclama unha maior preocupación en canto ao mantemento destas instalacións e a necesidade de crear espazos que permitan o uso en condicións meteorolóxicas adversas, situación frecuente en Galicia. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

   - Manter e crear espazos de convivencia específicos e adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia.
   - Falta de espazos deportivos para andar en bici e outros (patinetes etc.).
   - Instituto pequeno.
   - Instalacións sanitarias pequenas.
   - Necesidade de arranxar parques.

- Baixa calidade da alimentación e da auga nas escolas.

4. **Crear campañas de sensibilización (igualdade, sexualidade, integración, autoestima etc.)**. A finalidade con estas campañas é facerlle chegar á cidadanía, e á poboación infantil e adolescente en particular, mensaxes para concienciar sobre temas de gran preocupación social, e da infancia e da adolescencia en concreto. Con estas campañas búscase maior concienciación social e implicación para afrontar con éxito posíbeis situacións relacionadas co ámbito da igualdade, da liberdade sexual, da integración, da autoestima, da seguridade viaria que con tanta frecuencia foi aludida etc. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
   - Considérase necesario facer maiores esforzos e investimentos na educación das emocións.
   - Crear campañas de sensibilización (igualdade, sexualidade, integración, autoestima...).
   - Problemas de mobilidade e seguridade viaria.

7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

Chegado este punto, e tendo presentes as achegas que persoas menores e adultas fixeron, fíxanse a seguir as actuacións mediante as que se pretenden facer efectivos os obxectivos relacionados anteriormente.

Obxectivo 1. Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
1.1. Iniciar e realizar os trámites para a adscrición do concello á rede de Cidades Amigas da Infancia da UNICEF e da coordinación interna do Plan Municipal da Infancia e a Adolescencia.	2017-21	Grupo Coordinador (dos trámites CAI e do Plan)	1. Datas de creación do Grupo e de reunión.
1.2. Crear e manter a Mesa de Coordinación Interna, estrutura municipal de carácter político para a coordinación das políticas de infancia.	2017-21	Concellarías de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal; Cultura e educación; Deportes; Servizos básicos; Grupo Coordinador.	2. Datas de creación da Mesa e de reunión. 3. Mesa integrada por representantes das concellarías citadas. 4. Número de participantes. 5. A Mesa reúnese como mínimo dúas veces ao ano.
1.3. Crear e manter a Mesa Comunitaria (ou de Coordinación Externa) para a interlocución e traballo conxunto con outras administracións públicas, con ONGD ou outras entidades e persoas de interese, para a diagnose e articulación de accións en favor da infancia e a adolescencia.	2017-21	Representantes da Mesa de Coordinación Interna, de asociacións locais (como ARC Os Tilos) e de diferentes entidades e ámbitos relacionados coa infancia e a adolescencia e Grupo Coordinador.	1. Datas de creación da Mesa e de reunión. 2. Mesa integrada por representantes tanto da administración local como de diferentes entidades e ámbitos do municipio con relación coa infancia e a adolescencia. 3. Número de participantes. 4. A Mesa reúnese como mínimo dúas veces ao ano.
1.4. Crear e manter o Foro de Participación da Infancia e a	2017-21	Mínimo de 26 persoas menores de idade, entre as	1. Datas de creación do FoPIA e de reunión.

Adolescencia (FoPIA) como estrutura permanente de participación de persoas menores de idade, recoñecida polo Concello de Teo.		cales as representantes escollidas nos centros de ensino do concello e na ARC Os Tilos.	2. Foro integrado por representantes dos centros de ensino e da asociación ARC Os Tilos, así como doutras persoas menores que así o desexaren. 3. Número de participantes. 4. O FoPIA reúnese un mínimo de tres veces ao ano. 5. Realización de eleccións nos centros de ensino e asociacións participantes.
1.5. Crear e manter o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) co obxectivo de facer o seguimento e colaborar na execución do Plan de Infancia e Adolescencia.	2018-21	Representantes das diferentes áreas do goberno municipal, dos grupos políticos con representación municipal, das ANPAS, de ARC Os Tilos, de profesionais de entidades públicas e privadas que desenvolven no consello actividades relacionadas cos dereitos da infancia e a adolescencia e representantes do FoPIA.	1. Datas de creación do CLIA e de reunión. 2. Consello integrado polos axentes implicados citados. 3. Realización de, como mínimo, dous plenos anuais. 4. Número de participantes. 5. Cumprimento das funcións atribuídas e do regulamento do CLIA.
1.6. Creación e aprobación do Regulamento do Consello Local da Infancia e da Adolescencia (CLIA).	2018	Pleno da Corporación e pleno do CLIA.	1. Deseño da proposta de Regulamento do CLIA. 2. Aprobación polo Pleno da Corporación municipal. 3. Aprobación polo CLIA.
1.7. Creación e aprobación do Regulamento do Foro de Participación da Infancia e da Adolescencia (FoPIA).	2018	Representantes do FoPIA e pleno do CLIA.	1. Deseño da proposta de Regulamento do FoPIA. 2. Aprobación polo FoPIA. 3. Aprobación polo CLIA.

1.8. Crear e manter un espazo na páxina web do Concello de Teo (teo.gal), un blog ou calquera outro medio, para informar do Plan Municipal da Infancia e da Adolescencia de Teo e do seu desenvolvemento.	2018-21	Grupo Coordinador	1. Data de posta en marcha e identificación do instrumento utilizado. 2. Cuantificar e identificar a información ofrecida.
1.9. Promover encontros con outras Cidades Amigas da Infancia para a troca de coñecementos e experiencias e promover a asistencia a encontros tanto a nivel galego como estatal con grupos doutros municipios.	2018-21	Grupo Coordinador	1. Número de encontros realizados. 2. Número de participantes en cada encontro (tanto de Teo como doutros).
1.10. Procurar fórmulas para facilitar a participación de persoas menores de idade non integradas no FoPIA de Teo para poderen exercer o seu dereito a seren escoitadas en relación aos asuntos municipais que lles concerniren (caixas de correo, foros, etc.).	2018-21	Representantes do FoPIA e/ou Grupo Coordinador	1. Identificación e cuantificación das fórmulas utilizadas. 2. Número de persoas usuarias. 3. Número de propostas ou consultas.
1.11. Facilitar a incorporación de persoas menores de idade na organización e desenvolvemento das actividades comunitarias realizadas en Teo.	2018-21	Representantes do FoPIA e/ou Grupo Coordinador	1. Número de actividades comunitarias en que colaboraron menores na organización. 2. Número de persoas participantes.
1.12. Consultar o FoPIA, a través do CLIA, acerca da programación de actividades infantís e xuvenís que foren ser postas en marcha nas diferentes áreas municipais.	2018-21	Grupo Coordinador	1. Número de consultas realizadas.
1.13. Adscribir o Concello de Teo nas redes e iniciativas que agrupen a nivel autonómico, estatal e internacional os municipios máis comprometidos cos dereitos da infancia e da adolescencia no ámbito municipal.	2018-21	Grupo Coordinador	1. Número de redes e iniciativas a que o concello se adscribiu.

Obxectivo 2. Xerar maior vinculación co territorio.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
2.1. Incorporar no Programa da Infancia e da Adolescencia (PIA) actividades pedagóxicas, culturais e de tempo libre, actividades relacionadas coa riqueza natural e cultural do Concello de Teo así como coa lingua galega, fomentando a súa valoración e conservación.	2018-21	Concellarías de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal; Cultura e educación e Deportes	1. Nº de actividades realizadas. 2. Orzamento executado. 3. Nº de persoas participantes nas actividades.
2.2. Promover a creación de espazos de lecer e de sendas que fomenten o coñecemento da natureza e do patrimonio do Concello de Teo.	2018-21	Servizos básicos; Urbanismo, Vivenda e Sustentabilidade	1. Nº de accións realizadas. 2. Orzamento executado.
2.3. Deseñar, executar ou apoiar accións específicas ao redor da historia e do patrimonio inmaterial do Concello de Teo (encontros interxeracionais, creación de materiais audiovisuais, etc.).	2018-21	Concellarías de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal; Cultura e educación	1. Nº de accións realizadas ou promovidas. 2. Orzamento executado. 3. Nº de persoas participantes nas actividades.
2.4. Promover que nos centros de ensino se desenvolvan actividades ao redor da xeografía e a historia do Concello de Teo.	2018-21	Cultura e educación ; Centros de ensino; ANPAs	1. Nº de accións realizadas ou promovidas. 2. Nº de persoas participantes nas actividades.

Obxectivo 3. Manter e crear espazos de convivencia específicos e adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
3.1. Trasladar ás concellarías correspondentes a información recollida polo CLIA e/ou o FoPIA sobre condicións de uso e conservación dos espazos, instalacións, elementos de	2018-21	Concellaría de Servizos Básicos; Urbanismo, Vivenda e Sustentabilidade; Grupo Coordinador	1. Nº de comunicacións realizadas.

xogo e mobiliario urbano para o seu mellor mantemento.			
3.2. Manter tanto as prestacións económicas ás familias con menores en situación de vulnerabilidade como os servizos de apoio ás familias de natureza psicosocioeducativa e outros programas asociados.	2018-21	Concellarías de Benestar, igualdade, mocidade e participación veciñal	1. Nº de familias beneficiadas das axudas, servizos e programas. 2. Nº de persoas menores de idade beneficiadas. 3. Orzamento executado.
3.3. Programación de cursos e outras actividades deportivas no Concello de Teo para persoas menores de idade.	2018-21	Concellaría de Deportes	1. Nº de cursos e outras actividades desenvolvidas. 2. Nº de persoas menores de idade beneficiadas. 3. Orzamento executado.
3.4. Promover a creación de espazos de convivencia adaptados ás necesidades da infancia e da adolescencia (novos parques, espazos de lecer, etc.).	2018-21	Concellaría de Servizos Básicos, Grupo Coordinador	1. Nº de propostas realizadas e/ou recibidas. 2. Nº de propostas aprobadas.
2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.

3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.

Segundo - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei".

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, anuncia o seu apoio á proposta. Refírese ao artigo 27, sinala que se lle plantexa unha dúbida e pregunta se non sería mellor que a competencia lle correspondera á alcaldía e se esta quere que a delegase. Interésase o sr. Fernández polos prazos, e pola súa previsión, tendo en conta que ten que publicarse no BOP, ten un período de exposición pública e seguiría a aprobación definitiva.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que non lle ve problema ao da concellería porque ao fin e ao cabo o alcalde ten unha serie de competencias e se quere asumir a xestión das escolas o pode facer,

como fixo con Augas de Teo, que o asumiu aínda que non estaba incluído inicialmente nas súas competencias. Explica que se trata da explotación dun servizo suficientemente complexo como para ter alguén que se dedique a iso, sobre todo agora nos primeiros tempos nos que, ao igual que no caso de Augas de Teo, vai a ser máis complicado.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que dende o seu grupo están preocupados polos prazos, polo que van a insistir en preguntar sobre os mesmos. Pregunta se hai informe de secretaría en relación co Regulamento.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaría xeral, para facer constar que no expediente obra informe de secretaría sobre o procedemento de modificación do Regulamento.

O sr. Iglesias explica que se trata da modificación do Regulamento, e que non se está falando do punto seguinte, polo que a modificación do Regulamento non plantexa problema en canto aos prazos. Sinala que se podería comezar a funcionar sen este cambio normativo, porén faise por razóns se seguridade xurídica, e explica que as competencias son todas da alcaldía e este as delega ou non, porén poden ser da alcaldía perfectamente.

O sr. Fernández di que saben que o alcalde é o que ten o tema das competencias e pode delegalas, porén se se pon no Regulamento queda así, porén tampouco lle plantexa máis problemas.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA, 1 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto) e sete abstencións (7PP), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación:

1.- Modificar o apartado a) do artigo 15 que di:

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIMs contan con tres fontes de financiación:

a) Achegas directas do concello

Que quedará redactado do seguinte xeito:

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIMs contan con tres fontes de financiación:

a) Fondos propios do concello ou achegas directas do concello

2.- Modificar o artigo 19 incorporando dous novos apartados. A redacción actual que di:

Artigo 19º. Persoal dos centros

a) Dirección de centro

b) Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo

c) Persoal de servizos

Quedará redactada do seguinte xeito:

Artigo 19º. Persoal dos centros

a) Dirección de centro

b) Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo

c) Persoal de servizos

d) Persoal de apoio administrativo

e) Persoal de coordinación entre centros

O resto do artigo 19º non sufrirá modificación na súa redacción

3.- Modificar o Capítulo IX que contén un único artigo, o 26, que se mantén, procedéndose a modificar o nome do capítulo e a engadir un novo artigo, o 27. A redacción actual do Capítulo IX que di:

CAPÍTULO IX

A EMPRESA XESTORA

Artigo 26º. A empresa xestora

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.

2. Dar as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.

Quedará redactado do seguinte xeito:

CAPÍTULO IX

XESTIÓN DAS EIMs

Artigo 26º. Xestión mediante empresa privada

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.

2. Dará as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.

Artigo 27º. Xestión municipal directa

1. No caso de xestión municipal directa, esta correspóndelle á concellería que teña adscrita a competencia das mesmas. A xestión implica o control orzamentario, compras, emisión de recibos mensuais polos servizos prestados e a xestión de persoal, e todas aquelas funcións necesarias para o seu normal funcionamento.

2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.

3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.

<u>Segundo</u> - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

TEXTO CONSOLIDADO DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

CAPÍTULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto determinar a organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais do concello de Teo (en adiante EIMs), así como fixar o procedemento da adxudicación de prazas.

Artigo 2º. Definición

As EIMs son equipamentos diúrnos de carácter educativo e asistencial, dirixidos ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que teñen por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral das/dos nenas/os, realizando unha importante labor de apoio á función educativa da propia familia ao tempo que facilitan a conciliación coa vida laboral e persoal.

Artigo 3º. Obxectivos

Son obxectivos específicos das EIMs, que serán desenvolvidos nos proxectos educativos de ambos centros

a) Promover e fomentar o desenvolvemento integral das/dos nenas/os e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.

b) Facilitar a conciliación entre a vida familiar, persoal e laboral.

c) Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.

d) Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio.

e) Respectar a singularidade e a diversidade de cada nena/o contribuíndo a formar actitudes tolerantes.

f) Posibilitar a integración progresiva das/dos nenas/os na cultura do seu medio.

g) Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias.

h) Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo un uso axeitado destes.

i) Facilitar a integración das/dos menores con necesidades educativas especiais, sempre e cando as EIMs conten cos recursos materiais e humanos necesarios.

j) Constituír un recurso útil para o apoio aos programas de benestar social do concello, en especial aqueles que tratan de paliar déficits económicos, culturais e sociais.

k) fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.

l) Acadar o desenvolvemento das capacidades das/dos nenas/os nas dúas linguas oficiais de Galicia cara o seu uso como vehículo de comunicación. Ademais procurarán a introdución da terceira lingua.

Artigo 4º. Requisitos das e dos usuarias e usuarios

As EIMs prestarán atención e coidado continuado ás/aos menores de entre 3 meses e 3 anos de idade tendo en conta o seguinte:

a) Que o/a menor teña para a que se solicita praza teña unha idade mínima de tres meses na data de ingreso e non ter cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano no que se solicita praza.

b) Que a unidade de convivencia da ou do solicitante (a formada por pais/nais ou responsables legais e fillas/os) se atopen empadroados no concello de Teo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes. Se ben, de existir prazas vacantes poderán ofertarse ás/aos fillas/os de persoas que sen estar empadroadas teñan neste municipio o seu lugar de traballo ou aleguen outras circunstancias de arraigo que fagan procedente a concesión da praza. A comisión de baremación será o órgano encargado de valorar a súa congruencia.

c) Atoparse ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

d) As nenas e nenos con discapacidade que precisen de apoio específico para a súa integración deberán contar co informe do equipo de valoración e orientación da delegación provincial do departamento da Xunta de Galicia con competencias nesta

área ou no seu caso servizos especializados de atención temperá que indiquen a necesidade de apoio específico para a súa integración. Non poderá haber máis dunha praza destas características por aula e para os efectos de ratio contabilizaranse como dúas.

CAPÍTULO II

PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Artigo 5º. Curso académico.

O curso académico das EIM comeza o primeiro día lectivo do mes de setembro e remata o último día lectivo do mes de agosto. A adxudicación das prazas no procedemento ordinario será por este período. No extraordinario comezara no momento da adxudicación da praza e rematara o último día lectivo do mes de agosto.

Artigo 6º Procedemento ordinario.

Segundo se trate dunha/dun nena/o que xa foi usuaria/o do mesmo centro no curso anterior ou non, aplicarase unha das seguintes modalidades, priorizando en todo caso a continuidade na prestación de servizos.

a) Reserva de praza:

Proporciona continuidade ás prazas adxudicadas no ano anterior sempre que se manteñan os requisitos recollidos no artigo 4º. Aquelas/es que formulen esta reserva nun horario distinto ao que se lle viña prestando optarán a este cambio só no caso de existir vacante, logo destas consideraranse as solicitudes doutras/os nenas/os que viñan sendo usuarias/os doutra EIM, en ambos casos con preferencia sobre os novos ingresos.

Para ter dereito a reserva de praza o neno ou nena en cuestión debe seguir matriculado ate o último día de curso. De producirse unha baixa anticipada perderase o dereito a reserva da praza.

b) Novo ingreso:

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos que fixa o artigo 4º. Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

1. Usuarias/os que ocupaban praza reservada a ingresos urxentes.

2. Fillas/os de traballadoras/os do centro no que estas/es prestan servizo, independentemente do seu empadroamento no concello de Teo.

3. Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro para o que se solicita o novo ingreso.

4. As restantes solicitudes de unidades familiares nas que todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

5.- As solicitudes de unidades familiares nas que non todos os seus membros estean empadroados, adxudicadas atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ao día 1 de xuño do ano para o que se solicita praza. Neste caso deberá acreditarse no menor tempo posible o seu nacemento presentando no rexistro do concello o libro de familia no que se realice a súa inscrición. No caso de que se producise con posterioridade a esta data, a solicitude non terá ningún efecto, sendo levada de xeito automático na seguinte convocatoria da comisión de baremación de procedemento extraordinario.

Artigo 7º. Procedemento extraordinario

Seguirán este procedemento aqueles casos que non cumprindo os prazos formulados con carácter xeral requiran dunha resposta inmediata por parte das EIMs, que deberá ser así apreciada pola comisión de baremación.

a) Ingresos urxentes:

Reservaranse para esta modalidade unha praza en cada un dos niveis en cada centro, independentemente do número de unidades que teña cada un dos niveis. Seguirán este procedemento aqueles casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos de diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice.

As/os beneficiarias/os destas prazas deberán na seguinte convocatoria realizar unha solicitude de novo ingreso seguindo o procedemento ordinario.

b) Solicitudes fora de prazo:

Con carácter excepcional poderán presentarse solicitudes fóra dos prazos fixados no artigo 7 deste regulamento. Estas solicitudes serán examinadas pola comisión de baremación e, de non ser posible adxudicarlle a praza por non haber ningunha dispoñible, pasarán a formar parte da lista de espera no posto que lle corresponde

segundo os criterios de priorización e a puntuación obtida. Esta nova lista de espera será proclamada pola Alcaldía.

c) No caso de que un neno ou nena con praza de maña nunha escola infantil teña necesidade de ocupar unha praza de tarde, temporalmente ou definitivamente, de haber prazas vacantes seralle adxudicada mediante informe asinado por un técnico/a de servizos sociais e a presidencia da comisión de baremación. A esta daráselle conta deste cambio na seguinte reunión.

Artigo 8º. Lugar e prazo de solicitude da preinscrición

a) As solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso efectuaranse nos modelos normalizados que serán facilitados nas EIMs así como no concello. A información destes modelos será recollida nas Normas de Réxime Interno. A presentación realizarase no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público.

b) Os prazos de presentación de solicitude serán os que seguen:

1. Reserva de praza: do 1 ao 15 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

2. Novo ingreso: do día 16 ao 31 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

c) Xunto coa solicitude achegarase a documentación orixinal ou copia de:

1 Para a Reserva de praza, non será preciso achegar documentación complementaria coa solicitude, excepto que se produzan cambios sociofamiliares que deban terse en conta.

2 A documentación necesaria para solicitar á praza de nenos e nenas de novo ingreso, será regulada nas Normas de Réxime Interno, e incluíra documentos identificativos, (dni, libro de familia,) documentos que xustifiquen as distintas situacións alegadas a nivel de emprego, saúde ou situacións persoais contempladas como valorables para o acceso, e documentación relativa a situación económica.

Artigo 9º. Emenda de documentación

Se a solicitude presentada non reunira tódolos requisitos determinados requirirase á/ao interesada/o para que emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo de 10 días dende a notificación, con indicación de que se non o fixese, teráselle por desistida/o do seu pedimento.

Artigo 10º. Reunión da comisión de baremación e publicación da lista provisional de admitidas e admitidos

a) A selección de solicitudes efectuarase en función da quenda á que corresponde o ingreso, a puntuación obtida da aplicación do baremo establecido no Anexo I e os criterios de priorización do artigo 6. Se logo disto persistise o empate entre varias solicitudes darase preferencia á renda per cápita máis baixa e no seu caso a aquelas que se refiran a xornada completa (continuada ou partida) sobre as de media xornada, e as que inclúan o servizo de comedor.

b) A Comisión de Baremación avaliará todas as solicitudes e garantirá o cumprimento do procedemento de ingreso

c) Esta comisión elevará a proposta vinculante de admitidas/os e excluídas/os á/ao alcaldesa/alcalde que resolverá e ordenará a publicación da listaxe provisional na que figure a puntuación obtida por cada unha das solicitudes.

Artigo 11º. Reclamacións

As/os solicitantes que o desexen poderán presentar as reclamacións, debidamente documentadas, que consideran oportunas no prazo de 10 días naturais contados a partir da data de publicación da relación provisional.

Artigo 12º. Relación definitiva de admitidas e admitidos, listaxe de espera e matriculación

a) Unha vez estudadas tódalas reclamacións presentadas e resoltas pola comisión de baremación, elevarase á alcaldía unha proposta coas listas de admitidas/os e de espera, nas que figuraran as puntuacións obtidas. Unha vez aprobada a proposta pola/o alcaldesa/alcalde faranse públicas as listaxes definitivas.

b) As/os solicitantes admitidas/os deberán matricularse entre o día 1 e 15 de xuño para confirmar a praza, presentando no rexistro xeral do concello o impreso de matriculación, que se poderá recoller no concello ou nas EIMs. Xunto con este impreso deberan presentar a declaración do IRPF dos proxenitores ou da unidade familiar do ano inmediatamente anterior, ou o xustificante de non ter obriga de presentala. No caso de non ter esta documentación no momento da matricula deberan presentala no rexistro antes do segundo día laborable do mes de xullo.

A documentación complementaria orixinal ou copia, que se detalla nas Normas de Réxime Interno, entregarase no Escola Infantil nos primeiros días do curso e pasará a formar parte do expediente que das/dos nenas/os debe existir no centro.

A non presentación desta documentación no prazo sinalado, agás por causa de forza maior, entenderase como renuncia á praza, dando opción á matriculación daquelas persoas que quedaran na lista de espera.

c) As baixas que se vaian producindo ao longo do curso serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes da lista de agarda.

d) As/os solicitantes da listaxe de espera que se inscribisen como candidatas/os ao programa de cheque infantil da Xunta de Galicia serán excluídas/os desta ao adxudicárselles as prazas participadas por este programa, no caso de ser aceptadas.

Artigo 13º. Baixas

Todos os nenos e as nenas deixan de ser alumnos e alumnas das EIM á 31 de agosto de cada ano. Estas baixas non necesitan nin acordo nin resolución expresa por ser unha causa implícita á propia concesión da praza.

Son causa de baixa nas EIMs calquera das que se expoñen de seguido:

a) solicitude das/os nais/pais ou responsables legais, previo aviso con 15 días de antelación.

b) falta de pagamento da contía establecida durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda

c) comprobación de falsidade dos documentos ou datos achegados

d) incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro

e) falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada ou non incorporarse nos quince primeiros días do curso

f) incumprimento reiterado das normas da EIM

As baixas polo determinado nas alíneas d) e f) faranse previa proposta da comisión de baremación, sendo esta mesma informada das que se produzan por outras causas na seguinte reunión desta comisión.

Artigo 14º. Organización interna.

A organización interna das EIM de Teo, estará regulada nas normas de réxime interno das mesmas. En xeral as escolas infantís estarán abertas entre as 7.30 horas e as 20.30 horas de luns a venres, salvo os días festivos e non laborais, e durante os 12 meses do ano. Poderán pecharse escolas, con preferencia no mes de agosto, por reparacións e para obras de mellora. No caso de inexistencia de matricula para un

tramo horario en algunha das escolas, poderase acordar a redución do horario de atención para adaptalo á demanda real do centro. Este cambio será comunicado ao Consello Escolar, e manterase mentres se manteñan as circunstancias que o provocaron.

CAPÍTULO III

FINANCIAMENTO DAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIMs contan con tres fontes de financiamento:

a) Fondos propios do concello ou achegas directas do concello.

b) Achegas procedentes de subvencións e/ou convenios co departamento da Xunta de Galicia competente nesta materia ou outras administracións supramunicipais.

c) Prezos Públicos : Os prezos públicos que se terán que pagar serán as establecidos na vixente ordenanza reguladora do prezo públicos pola utilización do servizo de escolas infantís municipais de Teo.

CAPÍTULO IV

RELACIÓNS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS NAIS E PAIS OU RESPONSABLES LEGAIS

Artigo 16º. Participación de nais e pais ou das e dos responsables legais

a) A relación coas/cos nais/pais ou responsables legais, que deberá ser fomentada pola dirección da EIM, ten como principais obxectivos:

1. O intercambio de información sobre os criterios educativos asumidos no Proxecto Educativo, organización das EIMs, e da normativa e regulamentación que rexe na prestación deste servizo.

2. A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento das/os nenas/os.

3.Compartir pareceres sobre incidentes, ilusións, actividades, etc.

b) En caso de que o soliciten Dirección poñerá en coñecemento das/dos proxenitoras/es ou responsables legais de cada nena/o a información sobre a súa evolución integral.

c) As/os nais/pais ou responsables legais poderán solicitar reunións coa/co titora/titor da/do súa/seu filla/o ou coa dirección de conformidade co horario establecido para tal fin, sempre e cando non dificulten a boa marcha da EIM. A dirección do centro informará por escrito dos horarios de atención ao principio do curso.

Artigo 17º. Reunións

Co fin de garantir a necesaria cooperación entre o centro e as familias realizaranse reunións xerais, de escola e de aula, segundo a natureza dos temas que se vaian tratar. Estas serán convocadas por escrito, con indicación do lugar, data, hora e temas a tratar. A súa periodicidade será a seguinte:

a) Unha reunión de Escola, coincidindo co inicio do curso.

b) Calquera outra de Escola ou Xeral que se considerase necesaria, podendo solicitala as anpas, un grupo importante de pais e nais, a dirección ou o persoal da Escola, ou o concello de Teo.

c) Reunións de aula, unha anual e as que se consideren necesarias polo equipo docente ou polos pais e nais.

Artigo 18º. O libro de reclamacións

Cada unha das EIMs terá un libro de reclamacións a disposición das/os usuarias/os. A dirección do centro poñerá en coñecemento da/o concelleira/o responsable desta materia o contido das reclamacións de xeito periódico, agás nos casos nos que se requira unha comunicación inmediata.

CAPÍTULO V

ESTRUTURA ORGÁNICA

Artigo 19º. Persoal dos centros

a) dirección de centro

b) persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo.

c) persoal de servizos.

d) persoal de apoio administrativo

e) persoal de coordinación entre centros

En todo caso respectaranse os requisitos de ratios e titulación do persoal formulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG nº156 do 16 de agosto), e en calquera outra norma, cláusulas ou protocolo que sexa superior, ou que no futuro regule estes temas.

O persoal das escolas infantís terán as condicións salariais e laborais que determinen o convenio colectivo de aplicación no sector.

Artigo 20º. Órganos colexiados das escolas infantís municipais

Existirán catro órganos colexiados con funcións e composición diferenciadas, únicos para o conxunto das tres EIMs.

a) Comisión de Baremación

Competencias:

1. Velar polo cumprimento do proceso de ingreso e de admisión.

2. Examinar e adxudicar a puntuación ás solicitudes de praza.

3. Propor á/ao alcaldesa/alcalde as listas de persoas admitidas, espera e excluídas en cada EIM.

4. Apreciar a existencia de circunstancias que xustifiquen a admisión de solicitudes de ingreso fóra de prazo.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o titular da área da que dependan as EIMs ou concelleira/o en quen delegue

2. Vogais:

A/o directora/director pedagóxica/o de cada unha das EIMs.

Unha/un representante elixida/o polas/os nais/pais en cada EIMs

Unha/un representante da corporación municipal.

Unha/un traballadora/traballador municipal da área da que dependan as EIMs.

Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAs legalmente recoñecidas

Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións serán convocadas pola presidencia e terán carácter trimestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

b) Comisión Educativa de centro

Competencias:

1. Colaborar na elaboración do proxecto educativo das escolas e a programación anual de actividades

2. Facer o seguimento da programación e do proceso educativo xeral e individual

3. Elaborar a programación curricular e supervisar a súa adaptación ao proxecto educativo de centro.

Composición:

Persoal educativo e de apoio de cada centro.

Funcionamento:

Este órgano reunirase obrigatoriamente ao comezo e o final do curso convocadas pola presidencia,se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario.

c) Comisión educativa Permanente:

Competencias:

1. Elaborar o proxecto educativo do centro e a programación anual de actividades, e coordinar os traballos das tres escolas para este documento.

2. Facer o seguimento da programación do conxunto das escolas e do proceso educativo xeral, apoiar os procesos individuais especialmente complexos.

3. Abordar a programación de actividades intercentros e coordinación educativa entre os eles.

Composición:

1. Presidencia:

Un/unha directora/director dunha das Escolas. A Presidencia desta comisión será nomeada polo Concelleiro/a da área para cada ano, debendo de ser rotatorio entre todas as persoas que ocupen este posto de traballo.

2. Vogais:

- As outros/as Directores/as.

- Unha/un técnica municipal, nomeada polo concelleiro/a da área

Funcionamento:

Este órgano terá un funcionamento constante, e as reunións serán convocadas pola presidenta a iniciativa de calquera dos seus membros.

d) Consello Escolar das EIMs

Competencias:

Este órgano asumirá a coordinación xeral das EIMs, marcará as directrices e adoptará os acordos que proceden en cumprimento das súas competencia que serán as que seguen:

1. Aprobar o proxecto educativo das EIMs e a memoria anual de actividades.

2. Proporlle á administración competente cantas medidas sexan precisas para mellorar as instalacións, dotacións e o funcionamento do centro.

3. Supervisar que as directrices e a programación se axusten aos principios, criterios e obxectivos establecidos pola administración competente.

4. Estudar e resolver os conflitos de réxime interno.

5. Aprobar o as Normas de Réxime Interno das Escolas Infantís Municipais de Teo.

6. Garantir a aplicación do presente regulamento.

7. Ser escoitado, podendo emitir informe, sobre a necesidade de cambios, ou a concreta proposta dos mesmos, neste regulamento.

Composición:

1. Presidencia: a/o concelleira/o da área da que dependan as EIMs ou unha/un concelleira/o en quen delegue

2. Vogais:

- As/os directoras/directores de cada unha das EIMs

- Unha/un representante do persoal educativo de cada unha das escolas.

- Unha/un representante do persoal de servizos de todas as EIMs.

- Unha/un representante dos pais e nais de cada unha das EIMs.

- Unha/un representante de cada ANPA ou ANPAS da EIM

- Unha/un concelleira/o en representación da corporación

3. Secretaría: a/o secretaria/o do concello ou funcionaria/o no que delegue (con voz e sen voto)

Funcionamento:

1. Reunións: as reunións do consello, convocadas pola presidencia e terán carácter semestral, se ben, por pedimento dun terzo dos seus membros poderán reunirse con carácter extraordinario. De igual forma e no caso de non existir asuntos que tratar, poderá non convocarse na espera da seguinte.

2. Acordos: as decisións tomaranse por maioría simple e, no caso de producirse empates, decidirá o voto de calidade da presidencia.

CAPÍTULO VI

A LINGUA

Artigo 21º. O emprego de linguas

A lingua vehicular das EIM de teo é o galego. En concordancia co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, coa finalidade de promover o uso da lingua galega nas escolas infantís municipais establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua galega en cada centro educativo no marco do proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa. Na medida do posible introducirase unha terceira lingua.

CAPÍTULO VII

FOMENTO DA IGUALDADE E DIVERSIDADE ENTRE NENAS E NENOS

Artigo 22º. Educación na igualdade

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenza relativas a todos os ámbitos, as EIMs participarán activamente no establecemento dos alicerces sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas. Esta participación abranguerá os seguintes aspectos:

a) Programación de actividades para promover a igualdade entre as/os nenas/os e evitar os comportamentos e as actividades discriminatorias por razón de sexo. Estas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.

b) As EIMs poñerán especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumento de traballo. Así mesmo vixiarán que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.

c) Prestarase especial atención ao fomento da interculturalidade como instrumento de superación das desigualdades, inxustizas, prexuízos e racismo.

Neste senso os centros colaborarán nos programas e actividades que o concello desenvolvan para promocionar a igualdade e o respecto á diversidade cultural.

Artigo 23. Diversidade

Teranse en conta a diversidade de familias, de crenzas e de circunstancias persoais que existen na nosa sociedade, procurando realizar actividades inclusivas e potenciadoras do carácter positivo da diferenza.

CAPÍTULO VIII

DEREITOS E DEBERES

Artigo 24: Dereitos e Deberes das persoas usuarias

Os dereitos e deberes das persoas usuarias son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

Artigo 25. Dereitos e Deberes do persoal do centro

Os dereitos e deberes do persoal do centro son os recollidos nas normas de réxime interno das Escolas Infantís Municipais.

CAPÍTULO IX

XESTIÓN DAS EIMs

Artigo 26. Xestión mediante empresa privada

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.

2. Dará as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.

Artigo 27. Xestión municipal directa

1. No caso de xestión municipal directa, esta correspóndelle á concellería que teña adscrita a competencia das mesmas. A xestión implica o control orzamentario, compras, emisión de recibos mensuais polos servizos prestados e a xestión de persoal, e todas aquelas funcións necesarias para o seu normal funcionamento.

2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.

3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.

Disposición adicional

Primeira.- Os modelos de solicitudes para a preinscrición e para a matricula serán aprobadas como anexos da Normas de Réxime Interno, polo Consello Escolar das EIM, e o seu contido ser congruente coa regulación xurídica destes recursos.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Correspóndelle á/ao concelleira/o responsable da área da que dependan as EIMs, dirixir a coordinación do concello coas EIMs, podendo esta/e nomear á/ao técnica/o municipal que estime competente para desenvolver as actuacións precisas que a fagan efectiva.

Segunda.- O presente regulamento entrará en vigor una vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derrogación.

Disposicións derrogatoria

Quedan derrogadas tódalas disposicións municipais que contradigan o previsto no presente regulamento, e de xeito específico quedan derrogados na súa totalidade o Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís Municipais do Concello de Teo publicado no BOP nº 252 de 31/10/2008).

ANEXO I- BAREMO

a. Situación sociofamiliar:

Por cada membro da unidade familiar menores de 18 anos, incluído o solicitante.	2 puntos
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta (1)	1 punto
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacese nun parto múltiple	1 punto
Por cada membro da unidade familiar, afectado por unha discapacidade recoñecida, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
Pola condición de familia monoparental (2)	3 puntos
Por ausencia do fogar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
Pola condición de familia numerosa	3 puntos
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas	Ata 3 puntos

(1) Persoas distintas das sinaladas como membros da unidade de convivencia, que convivindo con esta se atopen tuteladas ou presenten unha dependencia económica total desta. En todo caso, distintas das sinaladas no artigo 4 da ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

(2) Definición considerada no artigo 13 da lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia. (DOG mº 134 do 13/06/2011)

b. Situación laboral familiar

Situación laboral de ocupación	
1º Proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
2º Proxenitora/proxenitor ou responsable legal	4 puntos
Situación laboral de desemprego (1)	

1º Proxenitora/proxenitor ou responsable legal 2 puntos

2º Proxenitora/proxenitor ou responsable legal 2 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de apertura do prazo de presentación de solicitudes.

No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación da epígrafe correspondente computando por dous.

c. Situación económica segundo a renda per cápita mensual

Inferior ao 25% do IPREM	+4 puntos
Entre o 25% e o 50% do IPREM	+3 puntos
Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM	+2puntos
Entre o 75% e o 100% do IPREM	+1 puntos
Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM	-1 puntos
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2 puntos
Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM	-3 puntos
Igual ou superior ao 200% do IPREM	-4 puntos

En caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa.

6.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E ESTUDO DE CUSTOS.

O sr. alcalde explica que se trata dun asunto que, ao faltar nese momento os informes pertinentes, non puido ser tratado na Comisión informativa correspondente, incluíndose porén no Pleno pola propia necesidade de poder completar todo o proceso, resultando polo tanto preciso ratificar a inclusión do asunto no orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes (7 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 1 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar social e igualdade e participación veciñal, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposición da alcaldía do 20 de xullo de 2018, que se recolle a continuación.

"PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

SERVIZO DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Aprobación inicial da Memoria sobre a viabilidade da xestión directa do servizo e estudo de custos

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 27 de xuño de 2018, acordou manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo das escolas infantís, a partir do 1 de setembro de 2018, iniciándose o proceso administrativo con ese obxectivo, ademais de declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo.

En concordancia con este acordo, dispúxose a creación dunha Comisión político-técnica que elaborase un estudo de custos que permitise valorar a conveniencia e oportunidade de asumir a xestión directa das escolas infantís municipais.

Vista a memoria elaborada pola citada Comisión, de xullo de 2018, e o informe de intervención sobre a mesma, do 19 de xullo, incorporado ao expediente.

Considerando que, na medida en que se pretende que a asunción directa do servizo polo concello de Teo teña lugar para o vindeiro curso, que comeza o 1 de setembro de 2018, para evitar que o cambio da forma de xestión teña lugar unha vez comezado este, co que iso poida supor para o funcionamento do servizo, resulta conveniente aplicar a tramitación de urxencia, consonte o disposto no artigo 33 da Lei 39/2015.

En virtude o exposto, e de acordo co establecido nos artigos 22.2 f) e 86 da LRBRL e 97 do TRRL, e demais normativa aplicable, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.**- Aprobar inicialmente a Memoria sobre a viabilidade da xestión directa do servizo e estudo de custos das Escolas infantís municipais, aplicando a tramitación de urxencia.*

***Segundo**.- Someter a memoria de referencia a exposición pública por prazo de 15 días naturais, durante os cales os particulares e entidades poderán formular observacións. Transcorrido dito prazo e informadas, no seu caso, as alegacións, a memoria será elevada ao Pleno para súa aprobación definitiva.*

Teo, 20 de xullo de 2018

Rafael C. Sisto Edreira"

O sr. Iglesias explica que a memoria elaborada pola comisión técnica política é o documento básico sobre a viabilidade da xestión directa e o estudo de custos do servizo. Refírese e explica brevemente o contido da memoria. Destaca o sr. Iglesias que a media dos últimos seis anos concrétase en que o concello de Teo gastou nas escolas infantís 357.000 euros ao ano de fondos propios. Sinala que os ingresos foron baixando pola baixada da renda media das familias, é dicir as cotas foron descendendo porque as rendas das familias tamén foron descendendo. Sinala que se fixo unha análise da evolución dos custos dende 2012 ata 2017 e estudáronse outras posibilidades de xestión, por exemplo a través do consorcio, e do custo que suporía cada unha delas. Sinala o sr. Iglesias que se conclúe que o servizo é perfectamente viable, e confían que economicamente se poida xestionar de forma lóxica sen que exista un problema de tesourería. Explica o sr. Iglesias que o asunto terá que volver a Pleno para a aprobación definitiva, o que terá lugar en torno ao 20 de agosto.

O sr. alcalde sinala que nese Pleno é no que se tomará a decisión sobre a subrogación das persoas en función do que digan os informes pendentes.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que queda claro, vendo a memoria, que hai unhas escolas infantís excelentes, tratándose polo tanto dun servizo a protexer. Amosa o sr. Fernández o seu acordo coa xestión pública, engadindo que en todo caso como se trata dun documento que se vai a expoñer publicamente e se poden facer alegacións, como haberá un Pleno en agosto, para a aprobación definitiva, neste momento vaise a abster, a espera tamén dos informes de secretaría e intervención.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo. Sinala que é verdade que dos documentos da memoria se ve a escasa sustentabilidade financeira do servizo, porén nos servizos públicos hai que mirar outros datos sociais como por exemplo que entre 2 ou 3 anos hai 100 prazas, de 150 nacidos en Teo, polo que hai 50 persoas que non teñen o servizo, porén pronto se chegará a un momento de plena capacidade. Considera que se trata dun servizo fundamental e a protexer, e a xestión pública ten a súas bases e está ben fundamentada na memoria e vai a ter o mesmo éxito que ata o de agora.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.ª María Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que o seu grupo quere deixar claro que están de acordo coa municipalización do servizo e refírese aos informes se secretaría e intervención. Sinala que o informe de intervención reflicte que a sustentabilidade non está garantida, o que lles preocupa, e o informe de secretaría reflicte que ten que existir esa sustentabilidade, que xa se di pola intervención que non existe, e reflicte a necesidade de que exista un acordo coa Xunta en relación coa delegación de competencias. Pregunta a sra. Nariño se xa se empezou a traballar niso e, tratándose do persoal, pregunta se, unha vez establecido o proceso, o concello ten que convocar as prazas de oposición.

O sr. alcalde sinala que a sustentabilidade, analizando a evolución dos últimos anos, é preocupante, xa que se no ano 2012 o concello “perdeu” 317.000 euros, no 2013,

326.000 €, no 2014, 347.000 €, no 2015, 359.000 €, no 2016, 358.000€ e no 2017, 355.000€, é evidente que o servizo non é sostible, e iso so se conseguiría cun incremento brutal das taxas. Explica que, tratándose da sustentabilidade, o que hai que analizar é si hai un déficit maior, e así o estudo vai dirixido a xustificar que non se vai a perder máis do que se perdía, podéndose incluso aforrar algúns cartos. Trátase dun caso moi diferente ao da auga, que permitiu un aforro moi importante, cando neste caso os números están máis axustados, e nese senso a sustentabilidade financeira lles preocupa o mesmo que fai tres anos, sabendo que é un servizo que produce unha perda ás arcas públicas pero que resulta necesario porque permite que a xente vaia a traballar podendo ter acceso a el as rendas máis baixas. Sinala o sr. alcalde que o informe de secretaría se cumpriu ao pe da letra e xa se dou traslado á Xunta, porque é unha competencia dela, estando o concello por unha parte encantado de que a Xunta asumira a competencia. Explica que en todo caso como se plantexan que exista continuidade no servizo e nos traballadores, se a Xunta nalgún momento, en outubro ou novembro, por exemplo, toma outra decisión se actuaría en consecuencia co que dixera. Explica que o problema do informe da Xunta é que vai a ter que facer un esforzo en dicir pouco cousa, porque non so afectaría ás escolas infantís de Teo senón que terá un efecto rebote para outras gardería semellantes.

Tratándose da subrogación sinala o sr. alcalde que a cuestión tal e como se veu analizando en todos os procesos, como na auga, considerouse que non era posible a subrogación e diante dun recurso dos traballadores tomouse unha medida cautelar, en tanto en canto o Xulgado non tome unha decisión. Explica o sr. alcalde que sen contar con ese informe, que será obxecto do vindeiro Pleno extraordinario no que se aprobe a memoria, non quere analizar cal vai a ser o contido do mesmo con relación á subrogación, entendendo que pode ser favorable, e de ser así se faría, e se non se recorrería ao procedemento que se viña utilizando noutras ocasións.

Sendo as vinte horas e corenta e oito minutos abandona o Salón de Plenos a concelleira do PSdeG-PSOE, D.ª Uxía Lemus de la Iglesia, que se incorpora pasados dous minutos.

Explica o sr. alcalde que en todo caso a subrogación, concedida polo concello ou reclamada a través dun Xulgado, é un dereito recoñecido aos traballadores polo que non se vai a sacar ningunha praza que lle quite un dereito a un traballador subrogado. O sr. alcalde di que entenden que o propio convenio establece ese dereito de subrogación polo que non van a facer convocatoria de creación de prazas, engadindo ademais que a súa experiencia cos traballadores que levan moitos anos é boa.

O sr. Iglesias sinala que, tratándose da natalidade, é certo que existiu unha baixada en todo o pais, porén é certo que as escolas infantís se van a ter que adaptar, porque os servizos tampouco son estáticos e tamén evolucionan para dar resposta ás novas necesidades que van xurdindo no tema da conciliación. Salienta que aínda que hai menos nenos/as as familias teñen cada vez máis necesidades destes servizos. Tratándose da sustentabillidade económica explica que o concello ven investindo unha serie de recursos propios nas escolas infantís, pese a que se trata dunha competencia da Xunta, polo que se lle está facendo un favor á esta, asumindo uns custos pola necesidade de dar uns servizos de calidade no tema de conciliación, o que lle están saíndo caros ao concello dende fai anos. Salienta o sr. Iglesias que se trata de servizos que non son sustentables economicamente porque senón as familias con menos recursos quedarían excluídas do acceso aos propios servizos, cando as Administracións Públicas, especialmente a Administración Local, o que teñen é que facilitar que esas familias con menos recursos económicos poidan acceder ao servizo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que falando do plan da infancia vese que hai nenos/as que no ano 17, con seis anos, eran 182, e nenos e nenas con cero anos e entre cero e once meses eran 132 polo que se ve que hai un caída importante en cinco anos.

Tratándose da sustentabilidade financeira di qué verdade que hai unha ordenanza na que unha parte dos usuarios, pola situación da súa renda familiar, non pagan ou pagan o o mínimo, e iso hai que telo en conta e poñelo en valor, engadindo que se se pensara na sustentabilidade financeira do servizo habería que pechar as escolas infantís ou poñerse a competir coa privada con prezos que serían máis caros que na actualidade,

polo que habería que poñer en valor o servizo. Remata o sr. Fernández reiterando o seu apoio á xestión pública dos servizos públicos.

Os demais grupos, PSdeG-PSOE e PP, non fan uso das súas quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 1 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Memoria sobre a viabilidade da xestión directa do servizo e estudo de custos das Escolas infantís municipais, aplicando a tramitación de urxencia.

Segundo.- Someter a memoria de referencia a exposición pública por prazo de 15 días naturais, durante os cales os particulares e entidades poderán formular observacións. Transcorrido dito prazo e informadas, no seu caso, as alegacións, a memoria será elevada ao Pleno para súa aprobación definitiva.

CONCELLO
DE **TEO**

Servizo de

Escolas infantís municipais

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA DO SERVIZO E ESTUDO DE CUSTOS

xullo 2018

ÍNDICE

0. Antecedentes

1. Obxectivos e datos de xestión

2. Evolución histórica dos resultados económicos

3. Ingresos

3.1. Evolución histórica dos ingresos

3.2. Eficacia recadadora

3.3. Previsión de ingresos

3.4. Proxección da evolución de ingresos

4. Estudo de custos do servizo

4.1. Evolución histórica dos custos do servizo

4.2.Custos previstos

4.2.1. Custos de persoal

4.2.2. Custos de material. Subministros

4.2.3. Custos xerais

4.2.4. Seguros

4.2.5. Servizos externos e gastos financeiros

4.3. Resumo custos totais de explotación

4.4. Resumo de gastos e ingresos

5. Afección nos gastos da xestión directa

5.1. Minoración de custos

5.2. Custos iniciais de posta en marcha do servizo

6. Outras opcións de xestión

7. Conclusións

ANEXOS

1. Aclaración competencial. Informe en materia de competencias

2. Informe técnico-económico de Intervención. Licitación 2016

3. Instalacións das EIMs

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

0.- ANTECEDENTES

Na sesión ordinaria do Pleno municipal correspondente ao mes de xuño de 2018, aprobouse a proposta da Alcaldía na que se xustificaba a intención de asumir a xestión directa do Servizo da Escolas infantís municipais, que se concretaba no seguinte texto:

> *O 11 de agosto de 2016 formalizouse o contrato para prestación de servizo, mediante concesión, das ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO entre a entidade "Aurora, Pilar y Ana SL" e o concello de Teo, cunha duración de un ano, contado a partir da sinatura da acta de comezo da prestación do servizo (que tivo lugar o 31 de agosto de 2016), prorrogable por outro máis, sen que a duración do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de dous anos. O 30 de maio de 2017 formalizouse esta prórroga que remata o 31 de agosto de 2018.*
>
> *A posible licitación dun novo contrato para a prestación deste servizo viuse afectada por unha serie de circunstancias sobrevidas que, en conxunto, impiden que se cumpran os prazos imprescindibles para un servizo con garantías:*
>
> - *A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público (BOE do 09/11/2017), entrou en vigor o 9 de marzo de 2018, eliminando o contrato de xestión de servizos públicos que se substitúe polo contrato de concesión de servizos.*
> - *O contrato de concesión de servizos regulado pola nova Lei 9/2017 implica unha serie de trámites non previstos con anterioridade na normativa contractual, entre eles un estudo de viabilidade económica previo á licitación que, máis alá da complexidade da súa elaboración, adía o proceso ao requirir un mes de información pública e a resolución de posibles alegacións.*
> - *A disposición adicional 15.3 da Lei 9/2017 establece a licitación electrónica obrigatoria, se ben a complexidade da plataforma de contratación do sector público implica que na actualidade nos atopemos en período de probas.*
> - *Outro aspecto a ter en conta na nova contratación mediante a modalidade de contrato de xestión de servizos, deriva do artigo 333 da lei que esixe solicitar informe previo á licitación, con carácter preceptivo, á denominada "Oficina nacional de avaliación", ente que foi posto en marcha en datas recentes o que dificulta e prolonga no tempo dar cumprimento neste aspecto á normativa contractual.*
>
> *Por outra banda, a xestión do servizo das Escolas infantís municipais, polas características do mesmo, impide unha xestión en precario inferior ao curso escolar completo, unha situación irregular contractual dificilmente xustificable e defendible. A*

decisión que se tome debe garantir a actividade regular e sen alteración sobre o curso completo.

Considerando que resulta imposible manter o servizo xestionado de forma externa garantindo os principios de libre concorrencia e competencia, valorando ao mesmo tempo as características sensibles do servizo, e que o goberno municipal considera que a xestión directa dos servizos públicos é a mellor forma de acadar a eficacia, sostibilidade e eficiencia que a sociedade demanda das Administracións, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Manifestar a vontade do concello de asumir a xestión directa do servizo das Escolas Infantís Municipais a partir do 1 de setembro de 2018, iniciando o proceso administrativo con ese obxectivo.*

Segundo.- *Declarar a vontade de que o concello asuma a subrogación das traballadoras salvagardando os dereitos recollidos no seu convenio e como medio de dar continuidade e estabilidade ao servizo.*

Tomando como referencia este acordo, e dada a necesidade de activar canto antes os mecanismos precisos para poder valorar todos os aspectos administrativos que inciden neste proceso, por dilixencia da Alcaldía do 29 de xuño dispúxose a constitución da Comisión técnico-política encargada de realizar este Estudo de custos que permita valorar a viabilidade de asumir a xestión directa das escolas infantís municipais, conformada por:

- Presidencia: Alcaldía
- Concelleiro responsable da área (Ignacio Iglesias Villar)
- Traballadora social responsable da actividade (Mónica Mella Rosende)
- Tesoureiro municipal (Diego Rodríguez Porto)
- Avogada do CIM (Estefanía Lodeiro Paz)

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

1.- OBXECTIVOS E DATOS DE XESTIÓN

O concello de Teo realiza este estudo de custes coa intención de valorar a posibilidade de adoptar un mecanismo de xestión directa de Escolas infantís municipais do concello de Teo.

De entrada, preténdese que sexa a propia administración local a que xestione o servizo (sen organismos autónomos), asumindo a xestión de cobros e sen que estea previsto externalizar servizos, agás con carácter extraordinario.

Co fin de determinar a viabilidade deste tipo de xestión, realízase un estudo de custos e ingresos actualizado por anos, valorando por separado os custos de posta en marcha do servizo.

Búscanse datos obxectivos e estables de explotación, suxeitos tanto en ingresos coma en gastos ás variacións do IPC, tendo en conta que non existe previsión de incrementos nos custos de servizo agás o enerxético. Preténdese manter o nivel dos prezos públicos aboados polos usuarios/as.

En Galicia, o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establecen os requisitos que deben cumprir este tipo de centros.

O Concello de Teo determina a participación da familias no custo do servizo a través da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizo de escolas infantís publicada no BOP da Coruña do 31/05/2013 e a súa modificación publicada no mesmo boletín do día 27/11/2015.

A Escola infantil municipal da Ramallosa está composta de 5 unidades habilitadas para o acollemento de nenos/as 0-3 que se agruparán segundo a normativa vixente e que serán atendidos en aulas independentes. O horario de funcionamento réxese polo Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo, publicado no BOP do 7 de decembro de 2015. O centro oferta servizo de almorzo, xantar e merenda para o alumnado segundo período de asistencia de que se trate.

A Escola infantil municipal de Calo está composta actualmente de 4 unidades, e a dos Tilos de 3 unidades, reiterándose o establecido anteriormente con respecto á EIM da Ramallosa.

As características fundamentais das EIMs do Concello de Teo poden resumirse do seguinte xeito:

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE A RAMALLOSA			
	Nº PLAZAS	**UNIDADES**	**TOTAL**
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	2	26
UNIDADES 2-3 ANOS	20	2	40
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL RAMALLOSA			**74**
OCUPACIÓN ACTUAL			76
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2018-2019			93
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

Na escola da Ramallosa hai dúas aulas que varían a súa asignación a un grupo de idade en función da demanda para o curso concreto. No próximo curso 2018-2019 configurararanse dúas aulas de 2-1 e de 2-3 anos

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CALO			
	Nº PLAZAS	**UNIDADES**	**TOTAL**
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	1	13
UNIDADES 2-3 ANOS	20	2	40
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL CALO			**61**
OCUPACIÓN ACTUAL			63
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2018-2019			78
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

Na escola de Calo hai unha aula que varía a súa asignación a un grupo de idade en función da demanda para o curso concreto. No próximo curso 2018-19 configurararanse dúas aulas de 2-3 anos

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DOS TILOS			
	Nº PLAZAS	UNIDADES	TOTAL
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	1	13
UNIDADES 2-3 ANOS	20	1	20
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL OS TILOS			41
OCUPACIÓN ACTUAL			40
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2018-2019			55
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

A "ocupación prevista para inicio 2018-2019" nas táboas responde ao proceso de admisión que aínda está en trámite na actualidade. Pola contra, o grao de "ocupación actual" correspóndese co actual curso 2017-2018.

2.- EVOLUCIÓN HISTÓRICA DOS RESULTADOS ECONÓMICOS

Tómase como punto de partida desta evolución histórica o ano 2012, permitindo así o contraste entre os resultados das distintas empresas concesionarias. Trátase de determinar o custo real do servizo para o concello durante os últimos seis anos.

A determinación de custos, excluídos os de mantemento dos edificios que eran asumidos xa polo concello, son doados de determinar pois corresponden cos que fixan os contratos de adxudicación coas empresas concesionarias: o 14 de agosto de 2013 coa "Fundación de Estudos e Análises (FESAN)" e o 11 de agosto de 2016 con "Aurora, Pilar y Ana S.L.".

Por outra banda, a recadación dos prezos públicos que realizan as empresas, son tamén datos obxectivos coñecidos, estando definidos na Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do Servizo de Escolas infantís municipais (BOP do 31 de maio de 2013) coa modificación publicada no BOP do 27 de novembro de 2015.

A seguinte táboa reflicte o balance dos últimos anos:

Ano	Ingresos por subvencións	Pagos contrato concesión	Investimento municipal directo	BALANCE do servizo (ingresos menos gastos)
2012	80.789,80€	390.551,36€	7.730,55€	**-317.492,11€**
2013	80.789,80€	399.170,57€	8.063,21€	**-326.443,98€**
2014	80.789,80€	405.000,00€	23.027,64€	**-347.237,84€**
2015	72.000,00€	405.000,00€	26.271,46€	**-359.271,46€**
2016	72.000,00€	406.666,68€	23.883,61€	**-358.550,29€**
2017	77.999,16€	410.000,04€	23.824,62€	**-355.825,50€**

Na táboa non aparece o recadado polos prezos públicos, xa que tamén se contabilizan como gastos ao ser transferidos directamente á empresa concesionaria (non alteran o balance final)

Consecuentemente, para que a xestión directa polo concello sexa, tal e como establece o artigo 86.1 da LBRL, conveniente e oportuna, o balance do sevizo debe ser inferior a -357.882,42€/ano, a media do déficit contabilizado nos últimos 3 anos. Deste xeito garántese un servizo eficaz economicamente e responsable dende o punto de vista da interlocución coas persoas usuarias, xa que permite a toma de decisións directas.

3.- INGRESOS

3.1. Evolución histórica dos ingresos

Nos últimos seis anos, a evolución de ingresos por recadación ás persoas usuarias do servizo e por subvencións recibidas, foi a seguinte:

INGRESOS EIMS DO CONCELLO DE TEO. COMPARATIVA POR ANOS

ANO	RECADACIÓN	SUBVENCIÓNS	TOTAL
2012	153.916,91	80.789,80	234.706,71€
2013	151.892,11	80.789,80	232.681,91€
2014	164.983,47	80.789,80	245.773,27€
2015	142.373,99	72.000,00	214.373,99€
2016	138.050,10	72.000,00	210.050,10€
2017	141.886,57	77.999,16	219.885,73€

Graficamente:

3.2. Eficacia recadatoria

Non se constatan impagos relevantes no servizo.

3.3. Previsión de ingresos

Neste apartado débense estimar os ingresos que se esperan obter. Para iso necesítanse dúas variables fundamentais: a matrícula propiamente dita e os servizos adicionais (comedor no caso das EIM do Concello de Teo).

Para determinar os ingresos considérase que o centro está a plena capacidade nos horarios de mañá mentres que, na quenda de tarde, a ocupación baixa significativamente (situación observada nos cursos precedentes).

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

O Concello, como xestor directo das Escolas infantís de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, deberá aplicar a Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais vixente.

Hai que ter en conta que as tarifas das EIMs varían en función das horas que permaneza o neno/a no centro. Na Ordenanza Reguladora do Prezo público contémplanse tarifas para cada prestación segundo os niveis de renda:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa
Inferiores ao 30% do IPREM	- €	161,35 €	- €
Entre o 30% e o 50% do IPREM	161,36 €	268,92 €	- €
Entre o 50% e o 75% doIPREM	268,93 €	403,38 €	33,00 €
Entre o 75% e o 100% do IPREM	403,39 €	537,84 €	66,00 €
Entre o 100% e o 125% do IPREM	537,85 €	672,30 €	85,00 €
Entre o 125% e o 150% do IPREM	672,31 €	806,76 €	105,00 €
Entre o 150% e o 200% do IPREM	706,77 €	1.075,68 €	139,00 €
Superiores ao 200% do IPREM	1.075,69 €		160,00 €

No que se refire ao servizo de comedor, distínguense tres opcións, para as cales tamén existen deducións en función da renda familiar:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Almorzo ou merenda	Xantar
Inferiores ao 30% do IPREM	0,00 €	161,35 €	0,00 €	0,00€
Entre o 30% e o 50% do IPREM	161,36 €	268,92 €	0,00 €	0,00 €
Entre o 50% e o 75% doIPREM	268,93 €	403,38 €	5,00 €	10,00 €
Entre o 75% e o 100% do IPREM	403,39 €	537,84 €	10,00 €	20,00 €
Entre o 100% e o 125% do IPREM	537,85 €	672,30 €	15,00 €	30,00 €
Entre o 125% e o 150% do IPREM	672,31 €	806,76 €	20,00 €	40,00 €
Entre o 150% e o 200% do IPREM	806,77 €	1.075,68 €	25,00 €	50,00 €
Superiores ao 200% do IPREM	1.075,69 €		30,00 €	60,00 €

Realízase cobro por servizos excepcionais por días soltos: o prezo é de 3 € polo xantar e 2 € polo almorzo e merenda. O prezo de comedor por días soltos non está suxeito a ningunha redución

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ás persoas usuarias será de 20 €. As horas complementarias teñen unha contribución de 4 €. As familias cunha renda per

capita inferior ao 75% € IPREM teñen unha redución do 50%. O prezo da hora extraordinaria non está suxeito a ningunha redución.

Alén do baremo xeral establecido para o copagamento, existen bonificacións especiais que poden acumularse entre si:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría xeral ou especial), desconto dun 20%.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%

Por último, debe indicarse que as familias teñen a posibilidade de solicitar a revisión da cota de copagamento ao longo do curso sempre que se cumpran os requisitos establecidos normativamente.

Os ingresos anuais estimados tendo en conta a Ordenanza para as tres escolas infantís serían:

INGRESOS ANUAIS ESTIMADOS	
EIM A RAMALLOSA	62.558,09€
EIM CALO	47.942,82€
EIM OS TILOS	32.255,50€
TOTAL ANO	**142.756,41€**

Para esta previsión estimáronse os datos abril 2017-marzo 2018 co obxecto de contar cos datos máis actualizados de cara a unha posible licitación do servizo

3.4. Proxección da evolución de ingresos

A posta en marcha da xestión directa do servizo de Escolas infantís municipais do concello de Teo, realízase partindo de que nos próximos anos non se vai realizar ningún incremento nos prezos públicos aplicados ás persoas usuarias.

A evolución demográfica non fai posible prever un incremento significativo s persoas usuarias do servizo nos próximos anos.

Número de nenos e nenas nacidos en Teo	
2011	179
2012	189
2013	160

2014	149
2015	150
2016	140
2017	129

OCUPACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS			
	OS TILOS	CALO	A RAMALLOSA
Xaneiro 2015	39	63	80
Xaneiro 2016	40	59	75
Xaneiro 2017	39	61	75
Xaneiro 2018	37	57	72

4.- ESTUDO DE CUSTOS DO SERVIZO

4.1. Evolución histórica dos custos do servizo

A evolución histórica dos custos do servizo queda reflectida no seguinte cadro e nos gráficos que o acompañan:

GASTOS EIMS CONCELLO DE TEO. COMPARATIVA POR ANOS

ANO	CONTRATO	INVESTIMENTO DIRECTO	TOTAL
2012	390.551,36€	7.730,55€	398.281,91€
2013	399.170,57€	8.063,21€	407.233,78€
2014	405.000,00€	23.027,84€	428.027,84€
2015	405.000,00€	26.271,46€	431.271,46€
2016	406.666,68€	23.883,61€	430.550,29€
2017	410.000,04€	23.824,62€	433.824,66€

4.2.Custos previstos

Realízase este estudo de custos do mesmo xeito e coa mesma metodoloxía que se realizaron os Informes técnico-económicos precedentes reclamados ao Departamento de Servizos Sociais pola Intervención municipal para iniciar o proceso de licitación dunha nova concesión do servizo, contemplándose todos os custos que serían asumibles pola concesionaria para determinar o canon a aboar polo Concello, realizándose posteriormente as corrección que implicarían asumir a xestión directa.

4.2.1. Custos de persoal

Tómase como referencia o gasto de persoal adscrito pola concesionaria ao servizo no concello de Teo durante os últimos anos, segundo datos aportados polas propias concesionarias.

Os custos de persoal incorporan as retribucións básicas e complementarias, as cotas de seguridade social e os custos de formación.

CUSTOS PERSOAL DAS EIMS SEGUNDO AS ENTIDADES XESTORAS	
Ano	**Custo persoal**
2012	424.105,86€
2013	467.867,99€
2014	472.739,61€
2015	519.364,93€
2016	481.806,94€
2017	476.508,63€

A capacitación e dotación do persoal deste tipo de centros está definida no Decreto 329/2005.

As relacións laborais das escolas infantís privadas réxense na actualidade polo XI Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, publicado no BOE do 22 de marzo de 2010, e polas revisións salariais publicadas no BOE.

Tendo en conta as proporcións de persoal requiridas polo Decreto 329/2005, así como o requisito de subrogación do persoal contratado actualmente e que presta servizos nas escolas infantís municipais, estímanse uns gastos de persoal de carácter anual seguintes:

ESCOLA	GASTOS DE PERSOAL ESTIMADOS
EIM A RAMALLOSA	186.982,56 €
EIM CALO	168.118,39.€
EIM OS TILOS	121.407,68 €
TOTAL	**476.508,63€**

Estes gastos incorporan as retribucións básicas e complementarias, as cotas á Seguridade Social e os custos de formación.

4.2.2. Custos de material. Subministros

Inclúense neste capítulo os gastos xerais de material de uso nas escolas infantís, de forma específica, os custos do material de limpeza e os produtos alimenticios, que supoñen a maior parte do capítulo.

A distribución prevista, tomando como base os datos achegados polas empresas concesionarias nos últimos anos, é a seguinte:

Conceptos	Os Tilos	Calo	A Ramallosa	TOTAL
Material funxible e específico	206,91	260,22	298,34	765,47€
Reposición de dotación de material	2.208,73	2.605,63	2.871,99	7.686,35€
Produtos alimenticios	7.279,07	5.931,66	9.949,63	23.160,36€
Produtos de limpeza	1.185,13	1.950,94	2.227,23	5.363,30€
Total gastos de material das EIMs				**36.975,48€**

4.2.3. Custos xerais

Inclúense neste capítulo os gastos de carácter xeral que afectan ás escolas infantís, nomeadamente os enerxéticos, os de comunicacións, as reparacións, os de vestiario e mesmo os de mantemento de ascensores, se é o caso. Tamén se contemplan custos de asesoría e prevención de riscos laborais.

A distribución prevista, tomando como base os datos achegados polas empresas concesionarias nos últimos anos, é a seguinte:

Conceptos	Os Tilos	Calo	A Ramallosa	TOTAL
Auga e saneamento	286,76	311,17	316,29	914,22€
Combustible para calefacción	889,60	1.390,00	3.785,24	6.064,84€
Electricidade	2.700,20	1.501,78	2.141,41	6.343,39€
Teléfono e internet	801,49	841,97	665,53	2.308,99€
Comunicacións postais		1,07		1,07€
Tributos locais, autonómicos e estatais	484,64	488,20	482,34	1.455,18€
Reparacións	671,56	1.970,08	913,53	3.555,17€
Lencería e vestiario	237,01	381,52	628,18	1.246,71€
Servizos externos (prevención de riscos, asesoría, proxectos..:)	5.432,65	6.273,42	7.513,41	19.219,48€
Mantemento ascensor	1.055,58			1.055,58€
Total gastos xerais das EIMs				**22.945,15€**

4.2.4 Seguros

O custo dos seguros, tanto persoais como de instalacións, ten as seguintes previsións tomando como base os datos achegados polas concesionarias privadas nos últimos anos:

Concepto	Os Tilos	Calo	A Ramallosa	TOTAL
Pólizas de seguros	870,69	900,44	927,77	**2.698,90€**

4.2.5 Servizos externos e gastos financeiros

Dentro dos servizos externos inclúense o de asesoría laboral, servizo de prevención e redacción de documentos de prevención de riscos, ademais dos custos bancarios e os gastos financeiros

Conceptos	Os Tilos	Calo	A Ramallosa	TOTAL
Servizos externos	5.432,65	6.273,42	7.513,41	19.219,48€
Servizos bancarios		4,13	2,25	6,38€
Outros: gastos financeiros	326,39	495,00	639,49	1.460,88€
Total custos externos e financeiros				**20.686,74€**

4.3. Resumo custos totais de explotación

Considéranse os custos de explotación ordinarios anuais, excluídos os custos propios da posta en marcha do servizo:

Concepto	Importe
Custos de persoal	476.508,63 €
Custos de material. Subministros	36.975,48€
Custos xerais	22.945,15€
Seguros	2.698,90€
Servizos externos e custos financeiros	20.686,74€
TOTAL	**559.814,90€**

4.4. Resumo de gastos e ingresos

GASTOS ESTIMADOS NAS EIMs DE TEO	
TOTAL GASTOS ESTIMADOS	**559.814,90€**
INGRESOS ESTIMADOS NAS EIMs DE TEO	
TOTAL INGRESOS ESTIMADOS	**142.756,41€**

Consecuentemente, no Informe técnico-económico remitido polo Departamento de Servizos Sociais á Intervención municipal co obxecto dunha nova licitación, en abril de 2018, establecíase un canon anual a aboar polo concello de **417.058,49€**, a diferenza entre os gastos estimados e os ingresos estimados.

5. Afección nos gastos da xestión directa

5.1. Minoración de custos

Os apartados 4.2.1. e 4.2.2., correspondentes aos gastos de persoal e aos custos de material, non se verían minorados coa xestión directa. No que afecta aos custos xerais, apartado 4.2.3., a redución no gasto viría dada porque ao tratarse dun servizo municipal non se facturarían a auga e o saneamento (outro servizo público municipal), nin se tería que facer fronte aos impostos de actividades económicas, o que suporía un aforro de 2.369,40€ anuais.

Co obxecto de realizar unha previsión conservadora para os intereses municipais, non se minoran custos que, en principio, deberan de desaparecer ou reducirse, como os da asesoría laboral. Mantéñense tamén os chamados gastos financeiros que poden ser equiparables aos de xestión bancaria.

5.2. Custos iniciais de posta en marcha do servizo

Concepto	Custe
Equipo informático administración	600,00€
Programa xestión	1.750,00€
TOTAL	2.350,00€

Non se considera a posibilidade de financiar este investimento inicial dada a súa escasa relevancia. Sería asumido co aforro xerado no apartado 5.1, aforro que sería neto nos anos vindeiros.

6. OUTRAS OPCIÓNS DE XESTIÓN

As escolas infantís municipais de Teo son, dende a súa creación, de xestión propia e, ata este momento, por concesión a unha empresa externa. Outra opción posible sería solicitar a súa xestión a través da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as chamadas "Galiña Azul". Segundo o acordo marco Fegamp-Consellería de Política Social en relación ao Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar do 11 de maio do 2016, incorporado como anexo I á Lei 2/2017 do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenamento, a incorporación a esta rede tería as seguintes condicións:

- Opción A. Achega de 1.500 € por praza e ano. Consultada a interpretación desta cantidade, no caso de Teo corresponderíanos pagar 1.500€ por neno ou nena matriculado (con independencia do seu horario), e non polo número de prazas. Este cálculo, tendo en conta os nenos e nenas matriculados nas EIMs en xaneiro de 2018, que eran 175, suporía un custo de 262.500 €.
- Opción B. A outra posibilidade é facer un pagamento de 900 euros por cada neno ou nena que, cos custos máximos no caso de Teo, sumaría unha cantidade de 158.400 €. Este cómputo implica que o concello tería que facerse cargo dos gastos de mantemento das escolas. Este mantemento está recollido coa seguinte relación de servizos:
    1. Mantemento do edificio e exteriores, incluíndo obras e labores de mantemento do edificio preventivos e/ou correctivos, conservación e mantemento da instalacións, estrutura arquitectónica e instalacións de enxeñerías.
    2. Mantemento do sistema de detección, extinción e plan de evacuación do centro.
    3. Reparación e reposición de electrodomésticos.
    4. Plan de augas e tratamento anti-lexionela.
    5. Mantemento da ACS e climatización das instancias.
    6. Limpeza integral do centro (limpeza diaria e extraordinaria)
    7. Sistema de vixilancia e seguranza do centro, alarmas de seguridade e incendios.
    8. Subministracións de auga, electricidade, gasóleo/gas e mantemento das instalacións de acometidas de enerxías e subministracións, así como saneamento e recollida de lixo, en

base a norma de medio ambiente e dotación de material para o mesmo.

9. Teléfono e ADSL
10. Servizos de Protección Civil ou aqueles outros que fosen necesarios para situacións de emerxencia.

As condicións económicas así establecidas asegurarían un servizo que dista do ofertado nas EIMs de Teo, segundo a seguinte comparativa:

COMPARATIVAS ENTRE AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS E AS ESCOLAS INFANTÍS DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS	ESCOLAS INFANTÍS DO CONSORCIO
Adxudicación de prazas Poderanse presentar solicitudes antes do nacemento, e estas faranse efectivas se a data de nacemento fora anterior ó 1 de xuño do ano para o que se solicita praza (artigo 6.5 do Regulamento).	**Adxudicación de prazas** Que a nena ou neno xa nacese no momento da solicitude (artigo 2.a da Resolución de adxudicación de prazas).
Calendario A data de inicio do curso correspóndese con 1 de setembro, mantendo continuidade durante todo o ano (Regulamento de réxime interno dos centros).	**Calendario** Establécese data de inicio de curso 2018-2019 o 5 de setembro. Non se garante a continuidade posto que dende o 1 ao 4 de setembro non se conta con servizo (artigo 4.1 da Resolución de adxudicación de prazas)
Calendario Non se pecha en agosto agás para realizar reparacións e obras de mellora (artigo 14 do Regulamento).	**Calendario** Con carácter xeral pechan en agosto, a Xerencia do Consorcio pode determinar a apertura dunha escola de garda sempre que existan solicitudes para unha unidade internivelar de 0-3 anos (15 nenos) (artigo 4.1 da Resolución de adxudicación de prazas).
Horario Non se establece o peche de escolas en determinados días/horarios.	**Horario** O 5 de xaneiro e martes de Entroido as escolas pechan as 15:00 horas (artigo 4.1 da Resolución de adxudicación de prazas).
Horario En xeral as escolas estarán abertas entre as 7:30 e as 20:30 horas (artigo 14 do Regulamento).	**Horario** As escolas con horario de peche establecido por riba das 18 horas, manterán o mesmo de haber demanda suficiente para manter unha unidade internivelar (artigo 4.2 da Resolución de adxudicación de prazas).
Xornada Xornada parcial: non será posible autorizar fraccións horarias inferiores a 15 minutos (Regulamento de réxime interno dos centros).	**Xornada** Tanto na xornada completa partida como na media xornada o tempo de permanencia mínimo na escola non poderá ser inferior a 3 horas. (artigo 4.2 da Resolución de adxudicación de prazas).

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

Revisión de prezos As variación de máis do 25% das rendas do traballo ou de actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de tres meses consecutivos,... As variacións de máis do 15% e ata o 25% das rendas do traballo ou actividades económicas ou empresariais da unidade familiar, poderán dar lugar a un novo cálculo da cota, cando estas se manteñan como mínimo por un período de seis meses consecutivos,... (artigo 7.B da Ordenanza reguladora do prezo público).	**Revisión de prezos** Diminución ou incremento dos ingresos en máis do 20 % en cómputo anual respecto aos declarados na solicitude de praza ou, de ser o caso, nunha variación posterior. Estas variacións deberán ter unha duración mínima de seis meses (artigo 18.b da Resolución de adxudicación de prazas).
Solicitudes fóra de prazo Calquera situación (artigo 7.b do Regulamento)	**Solicitudes fóra de prazo** 1º. Nacemento, acollemento ou adopción da/do nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes. 2º. Cambio de concello de residencia ou de traballo da unidade familiar. 3º. Cambio de domicilio ou lugar de traballo da unidade familiar dentro do mesmo concello. 4º. Outras circunstancias que motivadamente aprecie a Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (artigo 3.2.b da Resolución de adxudicación de parazas).

Cuestións a desenvolver:

- Número mínimo para manter as escolas abertas. As EIM de Teo están abertas dende as 7.30 as 20.30 horas con independencia do número de nenos ou nenas presente. As normas de funcionamento da galiña azul contemplan un número mínimo de nenos ou nenas para manter a escola en funcionamento, unha vez baixado do número establecido para cada escola esta deixa de prestar o servizo. As familias coñecen esta circunstancia unha vez finalizada a matrícula e, evidentemente, ten repercusións conciliación da vida familiar e laboral.
- O mes de agosto as EIM de Teo están abertas, salvo caso de realizar obras incompatibles coa actividade das mesmas. Isto posibilita que as familias poidan distribuír o mes de vacacións obrigatorio ao longo do curso escolar, facilitando a adaptación á realidade laboral. As escolas dependentes da rede da galiña azul, pechan o mes de agosto. Excepcionalmente, pode quedar aberta unha por cada zona xeografica, obrigando as familias coller as vacacións no mes de agosto ou modificar as súas rutinas variando o lugar o lugar, a localidade e o persoal para

ter o servizo neste mes. A demanda non pode ser menor de 15 nenos ou nenas.

- O concello de Teo recibe unha subvención anual para o mantemento das EIM, que nestes últimos anos ronda os 72.000. Esta subvención deixaría loxicamente de percibirse, e restaría dos ingresos municipais.

Por todo o anterior consideramos, que a perda da autonomía na xestión que implica a cesión á rede de galiñas azuis, e que impediría achegalas ás necesidades das familias de Teo, así como o custo que tería que abonar o concello por estes servizos, fai oneroso e pouco eficaz o traslado da xestión ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

PREZOS PÚBLICOS

ESCOLAS INFANTÍS DO CONSORCIO			RPC/mes respecto ao IPREM (537,84€)	RPC Equivalencia en Euros	ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS		
Atención educativa. Xornada completa 8	Comedor	Horario ampliado			Atención educativa. Xornada completa	Xantar	Horario ampliado
0,00 €	0,00 €	21,16 €	Inferior 30% do IPREM	Inferior a 161,34	0,00 €	0,00 €	20,00 €
0,00 €	17,45 €	21,16 €	30% -50% do IPREM	161,35-268,91	0,00 €	0,00 €	20,00 €
34,91 €	17,45 €	21,16 €	50% -75% do IPREM	268,92-403,37	33,00 €	10,00 €	20,00 €
69,81 €	26,45 €	21,16 €	75% -100% do IPREM	403,38-537,83	66,00 €	20,00 €	20,00 €
112,13 €	37,02 €	21,16 €	100% - 125% do IPREM	537,84-672,29	85,00 €	30,00 €	20,00 €
133,29 €	52,89 €	21,16 €	125% -150% do IPREM	672,30-806,75	105,00 €	40,00 €	20,00 €
147,05 €	63,47 €	21,16 €	150% - 200% do IPREM	806,75-1.075,68	139,00 €	50,00 €	20,00 €
169,26 €	74,05 €	21,16 €	Superior 200% do IPREM	Superior a 1.075,69	160,00 €	60,00 €	20,00 €

7. CONCLUSIÓNS

Fronte ao canon anual a aboar polo concello a unha posible concesionaria, que no Informe técnico-económico remitido polo Departamento de Servizos Sociais á Intervención municipal, en abril de 2018, se fixaba en 417.058,49€, a xestión directa reduce este custo en 2.369,40€ anuais, o que fixa o gasto total en 414.689,09€.

Tendo en conta que as subvencións previstas, similares ás do ano 2017, alcanzan os 78.000€, o déficit do servizo durante o ano 2018 será, previsiblemente, de **-336.689,09€**. Mantendo un nivel de investimento nas instalacións similar ao do ano pasado, 23.824,62€ (ver apartado 2 deste estudo), o déficit acadaría os 360.513,71€, practicamente similar á media dos últimos anos, a pesar do incremento de custos que o Informe técnico-económico fixaba para a nova licitación.

Asumindo unha previsión conservadora tanto no capítulo de ingresos coma no capítulo de gastos co obxecto de garantir a viabilidade da xestión directa do servizo sen lugar a ningún tipo de imprevistos que puidesen supor un risco para a tesourería municipal, as previsións outorgan unha lixeira vantaxe dende o punto de vista da xestión económica para a xestión directa.

Unha xestión minimamente eficaz a través do Departamento de Servizos Sociais do concello suporá unha redución de custos no capítulo de servizos externos, ademais de gañar capacidade e autonomía na xestión diaria do servizo. Por outra banda, a xestión directa supón unha maior garantía laboral para as traballadoras do servizo en canto ao cumprimento das ratio regulamentarias e dos seus dereitos laborais e retributivos.

Os beneficios desta xestión directa non poden obviar a realidade dunha xestión deficitaria do servizo, asumida historicamente polo concello como unha prestación social colectiva da que se beneficia unha parte moi importante da veciñanza e contribúe a que esta poida desenvolver as súas obrigas laborais.

As outras posibles opcións de xestión, nomeadamente a cesión das escolas infantís á administración competente, tería que facerse no marco do acordo da

MEMORIA SOBRE A VIABILIDADE DA XESTIÓN DIRECTA
Servizo de Escolas infantís municipais do Concello de Teo

Fegamp coa Consellería de Política Social, en relación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. As condicións fixadas nese acordo, tanto na contribución económica a realizar polo concello, como sobre todo, nas condicións de servizo que ofrece o Consorcio, fan que esta opción sexa claramente desfavorable fronte a posibilidade de xestión directa polo concello.

Teo, xullo de 2018

Traballadora social responsable
da Área de Escolas infantís

Asdo: Mónica Mella Rosende

Concelleiro de Benestar, Igualdade,
mocidade e Participación veciñal

Asdo.: Ignacio Iglesias Villar

Avogada municipal do CIM

Asdo: Estefanía Lodeiro Paz

Tesoureiro municipal

Asdo.: Diego Rodríguez Porto

O Alcalde

Asdo.: Rafael C. Sisto Edreira

ANEXOS

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CONCELLO DE TEO
REXISTRO XERAL SAIDA
03 NOV. 2015
Nº 3675

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Edificios Administrativos – San Caetano, s/n
15781 – Santiago de Compostela

Asunto. Competencias en materia de servizos sociais a partir do 1 de xaneiro de 2016 e financiación autonómica.

Segundo a exposición de motivos da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, co citado texto legal preténdese levar a cabo unha revisión profunda do conxunto de disposicións relativas ao completo estatuto xurídico da Administración local e con este propósito a reforma persegue varios obxectivos básicos, entre os que se atopa o de **clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións.**

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL), na súa redacción dada pola Lei 27/2013, contempla como competencias propias do Municipio, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a "**avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social",** privando aos municipios das competencias recollidas ata a citada modificación referidas á "prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social" (art. 25.2 k) LRBRL).

Polo que interesa aos efecto do presente, a disposición transitoria segunda da Lei 27/2013, relativa á asunción polas Comunidade Autónomas das competencias relativas a servizos sociais, dispón, no seu apartado 1, que **con data 31 de decembro de 2015** nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiación autonómica e das Facendas Locais, **as Comunidades Autónomas asumirán a**

1

titularidade das competencias que se preveían como propias do municipio relativas á **prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social.**

As Comunidades Autónomas **asumirán a titularidade destas competencias**, con independencia de que o seu exercizo se viñese realizando por Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, ou calquera outra Entidade Local.

Se a 31 de decembro de 2015 as Comunidades Autónomas non asumiran o desenvolvemento dos servizos da súa competencia prestados polos Municipios, Deputacións Provinciais ou entidades equivalentes, Entidades Locais, ou no seu caso, non acordaran a súa delegación, os servizos seguirán prestándose polo **municipio con cargo á Comunidade Autónoma**. Se a Comunidade Autónoma non transferira as contías precisas para elo aplicaranse **retencións nas transferencias que lles correspondan** por aplicación do seu sistema de financiación, tendo en conta o que dispoña a súa normativa reguladora.

Con data de 30 de maio de 20014 publicouse no DOGA a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (en adiante, Lei de medidas).

Segundo o citado texto legal as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais (Disposición adicional primeira).

Neste contexto hai que ter en conta igualmente o previsto na citada Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, que se reproduce a continuación:

1. *As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e* ***servizos sociais*** *en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local,* ***continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso*** *na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.*
2. *No marco do que dispoñan as normas reguladoras do sistema de financiamento das comunidades autónomas e das facendas locais, o Consello da Xunta de Galicia regulará as* ***condicións do correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais****, sen que a xestión polas comunidades autónomas dos servizos anteriormente citados poida supoñer unha maior gasto para o conxunto das administracións públicas.*
3. *Para tales efectos, con carácter previo á regulación polo Consello da Xunta das condicións do correspondente traspaso de acordo co previsto no parágrafo anterior, as consellarías competentes por razón da materia deberán elaborar un* ***plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos***.

Neste somero análise da cuestión que nos ocupa, hai que ter en conta tamén a previsión contida no artigo 3 da Lei 5/2014. Este artigo, referido ás competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, dispón **que non se entenderá como exercicio de novas competencias**, entre outras, **a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos**.

Dita previsión normativa hai que analizala á luz da Resolución de 24 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, publicada no BOE nº 84 de 8 de abril de 2015 (en adiante, Resolución).

Por medio da citada Resolución disponse a publicación do acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sutentabilidade de

Administración Local, considerándose solventadas as discrepancias competenciais manifestadas con relación ao artigo 3 da Lei 5/2014, e concluída a controversia plantexada.

O feito de considerar resoltas as discrepancias manifestadas e concluída a controversia plantexada, faise porén pivotar sobre os seguintes compromisos:

a) En relación coas discrepancias manifestadas sobre o artigo 3 da Lei 5/2014 do 27 de maio, ambas partes confirman que tanto este artigo coma o artigo 7.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, deben ser interpretados no sentido de que **o exercicio polas entidades locais de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, soamente cabe cando non se poña en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda Municipal, nos termos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública**. Estes requisitos operan tanto para as competencias distintas das propias e as delegadas que estivesen a exercer as entidades locais no momento da entrada en vigor da lei coma para as que se poidan iniciar a partires dese momento. A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese a modificar a súa lexislación de réxime local incorporando no ordenamento xurídico autonómico a interpretación contida no presente acordo.

b) Así mesmo as partes consideran que **a continuidade no exercicio polas Entidades Locais das competencias** recollidas no artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, esixirá unha **avaliación previa de cada Entidade Local con respecto á non existencia de duplicidades e da sustentabilidade financeira**. Todo elo sen prexuízo do control que, na execución das competencias que corresponda exercer a Comunidade Autónoma, en tanto titular da competencia material e da tutela financeira das entidades locais do seu

territorio, exerza en orde a verificar o cumprimento dos citados requisitos recollidos no artigo 7.4 da Lei de Bases do Réxime Local.

c) Ambas partes están de acordo en que a regulación contida na **Disposición Adicional Terceira non impide a aplicación do artigo 57 bis da Lei 7/1985,** do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, para os casos previstos en dito precepto.

Analizadas as previsións normativas que encadran a cuestión á que se refire o presente hai que ter en conta que a **incertidume** que os últimos cambios lexislativos introduciron no **marco competencial dos servizos sociais**, provocan unha situación de **inestabilidade** impropia dun sistema tan sensible e necesitado de planificación como este.

As accións que se desenvolven dende os servizos sociais son fundamentais para a calidade de vida das persoas e, nalgún cas, para a propia supervivencia xa que sen eles a saúde estaría seriamente comprometida. Resulta por iso **imprescindible asegurar unha normalidade na prestación dos servizos a 1 de xaneiro de 2016**, data da que so nos separan dous meses, e para iso hai que poñer en marcha os procesos administrativos de contratación de servizos tan importantes como o servizo de axuda no fogar, o programa de envellecemento activo, as Escolas Infantís e programas de conciliación, etc.

A prestación destes servizos non é algo que sexa posible improvisar nunhas semanas, resultando un eixe fundamental ter en conta o ciclo orzamentario, xa que economicamente a prestación dos servizos e a contratación dos mesmos non se pode decidir independentemente da existencia de partidas destinadas a tal fin. E aínda mais, a distribución dos recursos municipais para que estas partidas teñan fondos suficientes non é algo a improvisar, resultando fundamental no día da data prever orzamentariamente as obrigas do concello no ámbito de servizos sociais, na liña do esixido pola Lei 13/2008, de servicios sociales de Galicia (art. 54).

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Chegados a este punto é obvio o contexto de incertidume que estamos a experimentar ante a falta de información ao respecto, incertidume que non nos permite tomar as decisións requiridas en cada momento para garantir a continuación na prestación dos servizos e a calidade dos mesmos.

En virtude do exposto por medio da presente **SOLICITO** se nos clarifiquen as seguintes cuestións:

1.- Se se vai a producir, antes do cumprimento do prazo límite de 31 de decembro de 2015, a delegación no concello da competencia en materia de servizos sociais.

2.- En caso de que dita delegación non tivera lugar, cal debería de ser a forma de proceder deste concello en relación ás contratacións vixentes ou proxectadas no ámbito dos servizos sociais (escolas infatís municipais, SAF, etc), habida conta de que:

.- Podería darse unha situación de simultaneidade na prestación do servizo, que iría en contra do esixido polo artigo 7.4 LRBRL, á vista do previsto da Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia

.- Podería poñerse en risco a sustentabilidade do conxunto da Facenda municipal que non permitiría seguir prestando os servizos en cuestión.

Esperando recibir unha pronta resposta ao efecto, reciban un cordial saúdo.

Atentamente

Teo, a 29 de outubro de 2015

O alcalde

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)
Alcaldía

Rafael C. Sisto Edreira

6

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5A - 4º
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
Correo electrónico: administracionlocall@xunta.es

galicia

Secret
Copia Nota
// Alcalde

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 13/11/2015 10:36:12
SAÍDA 3078 / RX 1525837

9521

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Teo
Travesía da Ramallosa, 38 – 15883 Teo
A Coruña

ASUNTO – INFORME EN MATERIA DE COMPETENCIAS

En data 9 de novembro de 2015, ten entrada no Rexistro da Dirección xeral de Administración Local, escrito do alcalde do Concello de Teo solicitando informe en relación co exercicio das competencias en materia de servizos sociais por parte dos municipios galegos comunicamos o seguinte:

A disposición adicional cuarta da Lei 5/2013, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local especifica que as competencias que debe asumir a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

A LMU entrou en vigor o 31 de maio de 2014 polo que dende esa data é de plena aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. A mencionada lei aclara que as competencias en materia de servizos sociais seguirán sendo prestadas polos municipios ata o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais.

Do mesmo xeito e a maior abundamento, o Secretario de Estado de Administracións Públicas en data 3 de novembro de 2015, remite escrito no que expresamente conclúe que en tanto non sexan aprobadas as normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e local, as competencias en materia de servizos sociais deberán continuar sendo prestadas polos concellos, interpretación que queda plasmada na nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Hacienda y AAPP.

JUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5A - 4ª
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
Correo electrónico: administracionlocall@xunta.es

galicia

Por todo o anterior e en resposta ao seu escrito podemos concluír:

PRIMEIRO – Non se vai producir, de momento, a delegación nos concellos das competencias en materia de servizos sociais.
SEGUNDO – O Concello de Teo pode seguir prestando as competencias en materia de servizos sociais que viña prestando na actualidade, polo que poderá continuar cos procedementos de contratación necesarios para facelas efectivas.
TERCEIRO – O posible risco para a sustentabilidade financeira do Concello debe ser avaliado polo propio concello e o goberno de Teo debe establecer as prioridades que considere na prestación dos servizos públicos en relación coa súa capacidade financeira.

Atentamente,
Director xeral de Administración local

José Alberto Pazos Couñago

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2015

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

INFORME TÉCNICO ECONÓMICO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 DE A RAMALLOSA, CALO E OS TILOS.-2016

Vista a providencia de Alcaldía, de data 18/05/2016, pola que se incoa o expediente de contratación da xestión dos servizos públicos das escolas infantís municipais 0-3 de A Ramallosa, Calo e Os Tilos, e aos efectos de xustificar o importe correspondente ao prezo de licitación do contrato, emítese o seguinte informe técnico-económico coas seguintes consideracións:

1º.-CONSIDERACIÓNS PREVIAS

En Galicia, o Decreto 392/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia establecen os requisitos que deben cumprir estes centros.

O Concello de Teo determina a participación da familias no custo do servizo a través da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizo de escolas infantís publicada no BOP da Coruña do 31/05/2013 e a súa modificación publicada no mesmo boletín do día 27/11/2015.

En canto á prestación do servizo público de escolas infantís municipais, o Concello opta pola xestión indirecta do mesmo, ao amparo do establecido no artigo 85.2b) da Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a través da modalidade de concesión, prevista no artigo 277 do RDL 3/2011 de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, pola que un empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

A Escola infantil municipal de A Ramallosa está composta de 5 unidades habilitadas para o acollemento de nenos/as 0-3 que se agruparán segundo a normativa vixente e que serán atendidos en aulas independentes. O horario de funcionamento réxese polo Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Teo. O centro oferta servizo de almorzó, xantar e merenda para o alumnado segundo período de asistencia de que se trate.

A Escola infantil municipal de Calo está composta actualmente de 4 unidades, e a de Os Tilos de 3 unidades, reiterándose o establecido anteriormente con respecto á EIM de A Ramallosa.

1

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

As características fundamentais das EIM do Concello de Teo poden resumirse do seguinte xeito que figura nas táboas que se insertan:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE A RAMALLOSA			
	Nº PLAZAS	UNIDADES	TOTAL
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	2	26
UNIDADES 2-3 ANOS	20	2	40
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL RAMALLOSA			74
OCUPACIÓN ACTUAL			84
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2016-2017			74
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE CALO			
	Nº PLAZAS	UNIDADES	TOTAL
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	1	13
UNIDADES 2-3 ANOS	20	1	20
UNIDADES 0-3 ANOS	15	1	15
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL CALO			56
OCUPACIÓN ACTUAL			54
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2016-2017			53
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE A OS TILOS			
	Nº PLAZAS	UNIDADES	TOTAL
UNIDADES 0-1 ANOS	8	1	8
UNIDADES 1-2 ANOS	13	1	13
UNIDADES 2-3 ANOS	20	1	20
TOTAL PRAZAS SIMULTÁNEAS DA ESCOLA INFANTIL OS TILOS			41
OCUPACIÓN ACTUAL			43
OCUPACIÓN PREVISTA INICIO CURSO 2016-2017			40
HORARIO DE FUNCIONAMENTO			
DIARIO	7:30-20:30		
SEMANAL	5 DÍAS, 13 HORAS/DÍA		
MESES DE SERVIZO	12		
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	COMEDOR, POR PERSOAL PROPIO		

*Na escola de Calo hai unha aula que varía a súa asignación a un grupo de idade en función da demanda para o curso concreto. Nos últimos cursos e no próximo curso 2016-2017 configurouse un agrupamento 0-3 anos
*A "ocupación prevista para inicio 2016-2017" responde ao proceso de admisión que aínda está en trámite na actualidade
*Pola contra o grao de "ocupación actual" correspóndese co actual curso 2015-2016

Intervención

2

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

2º. ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCEIRA

2.1 INVESTIMENTOS E GASTOS DE PRIMEIRO ESTABLECEMENTO

Non é necesario efectuar ningún tipo de investimento nin gastos de primeiro establecemento nas escolas infantís municipais, co cal o custo neste apartado estímase en 0 €.

2.2 GASTOS PREVISTOS

A) RECURSOS HUMANOS

A capacitación e dotación do persoal deste tipo de centros está definida no Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

As relacións laborais das escolas infantís privadas réxense na actualidade polo XI Convenio colectivo de ámbito estatal de centros de asistencia e educación infantil, publicado no BOE do 22 de marzo de 2010, e polas revisións salariais publicadas no BOE.

Tendo en conta as proporcións de persoal requiridas polo Decreto 329/2005, así como o requisito de subrogación do persoal contratado actualmente e que presta servizos nas escolas infantís municipais, estímanse uns gastos de persoal de carácter anual seguintes:

ESCOLA	GASTOS DE PERSOAL ESTIMADOS
EIM A RAMALLOSA	177.932,46 €
EIM CALO	173.721,83 €
EIM OS TILOS	114.885,42 €
TOTAL	**466.539,71 €**

B) OUTROS GASTOS

Recóllense na seguinte táboa o importe anual dos gastos estimados por diversos conceptos (entre os que se inclúen os previstos no apartado anterior, relativo aos recursos humanos), tendo en conta en algún apartado o Decreto 329/2005, segundo o cal se considera requisito funcional común a todas as tipoloxías de centros de atención á infancia, entre as que se atopan as EIM, a subscrición dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e outra de accidentes en contía suficiente para garantir a cobertura dos danos por sinistro e das eventuais indemnizacións aos/ás usuarios/as.

3

GASTOS ESTIMADOS NAS EIM MUNICIPAIS	
CONCEPTO	IMPORTE ESTIMADO
Aprovisionamentos	39.170,00 €
Soldos e seguridade social	466.539,71 €
Seguros	2.640,00 €
Gastos mantemento	22.900,00 €
Publicidade	350,00 €
Servizos exteriores	5.300,00 €
Gastos da entidade xestora relacionados coas escolas	12.000,00 €
TOTAL GASTOS ESTIMADOS	**548.899,71 €**

2.3.-INGRESOS PREVISTOS

Neste apartado débese estimar os ingresos que se esperan obter. Para iso necesítanse dúas variables fundamentais: a matrícula propiamente dita e os servizos adicionais (comedor no caso das EIM do Concello de Teo).

Para determinar os ingresos consideramos que o centro está a plena capacidade nos horarios de mañá mentres que na quenda de tarde a ocupación baixa significativametne, por ser o máis habitual, e por ser a situación actual neste Concello.

A empresa concesionaria do servizo público das EIM de A Ramallosa, Calo e Os Tilos deberán aplicar a Ordenanza Reguladora do prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais vixente.

Hai que ter en conta que as tarifas das EIM varían en función das horas que permaneza o neno/a no centro.

Na Ordenanza Reguladora do Prezo público contémplanse tarifas do para cada prestación e segundo os niveis de renda, diferenciando dous tipos de xornada:

- Xornada completa: prezo máximo 160€/mes
- Na media xornada os prezos redúcense o 50%.

No que se refire ao servizo de comedor, distínguense tres opcións, para os cales tamén existen deducións en función da renda familiar:

- Almorzo e merenda: prezo máximo 30€/mes
- Xantar: prezo máximo 60€/mes.

Realízase cobro por servizos excepcionais por días soltos: o prezo será de 3 € polo xantar, e 2 € polo almorzo e merenda. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20 €. As horas complementarias tera unha contribución de 4 €. As familias cunha renda percapita inferior ao 75% € IPREM teran unha redución do 50%. O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

Alén do baremo xeral establecido para o copagamento, existen bonificacións especiais que poden acumularse entre si:

- Nenos/as pertencentes a familias numerosas (categoría especial ou especial), desconto dun 20%.
- Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20%.
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo irmán e sucesivos terán un desconto dun 20%

Por último, debe indicarse que as familias teñen a posibilidade de solicitar a revisión da cota de copagamento ao longo do curso sempre que se cumpran os requisitos establecidos normativamente.

Os ingresos anuais estimados tendo en conta a Ordenanza e o período de 12 meses inmediatamente anterior a esta licitación, para as tres escolas infantís serían:

INGRESOS ANUAIS ESTIMADOS	
EIM A RAMALLOSA	31.617,17 €
EIM CALO	43.813,02 €
EIM OS TILOS	58.792,40 €
TOTAL ANO	**134.222,59 €**

2.4 RESUMO DE GASTOS E INGRESOS

GASTOS ESTIMADOS NAS EIM MUNICIPAIS	
CONCEPTO	**IMPORTE ESTIMADO**
Aprovisionamentos	39.170,00 €
Soldos e seguridade social	466.539,71 €
Seguros	2.640,00 €
Gastos mantemento	22.900,00 €
Publicidade	350,00 €
Servizos exteriores	5.300,00 €
Gastos da entidade xestora relacionados coas escolas	12.000,00 €
TOTAL GASTOS ESTIMADOS	**548.899,71 €**
INGRESOS ESTIMADOS NAS EIM MUNICIPAIS	
TOTAL INGRESOS ESTIMADOS	**134.222,59 €**

CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

E o cánon a aboar polo concello viría dado pola diferencia entre os gastos estimados e os ingresos estimados polo prezo público, isto é **414.677,12€.**

Teo,18 de maio de 2016

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Intervención
TEO

6

ANEXO III
Descrición física e funcional dos locais das escolas municipais infantís de Teo.

EIM DOS TILOS



A Escola Infantil Municipal dos Tilos atópase na Urbanización dos Tilos. Ocupa un dos baixos do edificio parroquial, na rúa Ameneiro.

Debido á forte pendente do solar no que está situado o Complexo Parroquial, este dispón de dúas plantas baixo rasantes en dous dos seus lados, pero que se converten en baixo e primeiro con respecto aos outros dous lados, un dos cales será o acceso á Escola. En parte destas dúas plantas, as que teñen luz e ventilación directa ao exterior está situada a Escola (a estas plantas denominámolas xenericamente Baixo 2 e Baixo 3)

O Baixo 2 ou planta principal ten na entrada un vestíbulo, con zona de carriños delimitada e na parede o taboleiro de información para as familias. O vestíbulo da paso a un corredor distribuidor das diferentes estancias. Nesta zona atópase o ascensor e as escaleiras, que comunican esta planta co baixo 3, onde está o patio interior de xogos e a saída ao xardín e patio exterior da escola.

Conta con despacho de dirección, cociña e sala de usos múltiples, que se usa como comedor. A

continuación atópanse as aulas para os diferentes niveis educativos coas zonas de descanso e aseo. Tamén nesta planta están as situadas a zona de aseo do persoal, sala de reunións do profesorado, almacén para materiais e zona de caldeira.

O Baixo 3 é un espazo que funciona como patio cuberto. O espazo xeral aberto, ten un aseo separado con tabiques e porta. Comunicase co Baixo 2, con unha escaleira e un ascensor, e co patio descuberto a través dun portalón e dunha porta. O patico exterior ten sombra natural de varios carballos e unha superficie próxima aos 200 m 2. Neste patio exterior estase acondicionando unha área menor de 80 m2, con chan brando e elementos de xogo adaptados ás idades dos seus usuarios e usuarias.

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE CONTRUÍDA (m^2) aproximadamente
BAIXO 2	Vestíbulo e distribuidores Despacho dirección Sala de profesores. Cuarto de material Cuarto de instalacións Aseos de persoal e discapacitados Cociña Comedor Aulas cos seus respectivos locais de aseos e de cambio. Zona de descanso	370 m^2
BAIXO 3	Zona de xogos	220 m^2

EIM DE CALO



Está nunha parcela de dominio municipal na localidade de Calo, unha zona con vivendas illadas de tipo residencial. Trátase dun edificio illado do resto de vivendas,de planta baixa; anexo ao edificio conta cun patio exterior dedicado a xardín de xogos, illado da rúa por unha reixa. Nas proximidades do edificio e a uns 15 metros sitúase un pavillón polideportivo, pertencente tamén ao concello.

A Escola organízase en base a un eixo lonxitudinal perpendicular á rúa de acceso e paralelo á nave do centro deportivo. O acceso á Escola Infantil realízase a través dun soportal cuberto. Na entrada está o vestíbulo e un amplo corredor interior que funciona como distribuidor e patio cuberto.

Na marxe esquerda do corredor está o despacho de dirección e ao longo do corredor as aulas, que contan coas zonas de descanso e hixiene.

Na marxe dereita do corredor atópase a zona de servizos, a cociña con almacén e lavandería, sala de usos múltiples que se usa tamén como comedor e aseos do persoal. A cociña ten unha porta de saída directa ao exterior por onde se sorte á cociña de produtos de alimentación e o gasóleo para as caldeiras.

A edificación ten un patio de recreo pechado ao cal se accede dende cada unha das aulas. Ao fondo do mesmo hai unha área de 60 m^2 que esta cuberta, e forrada con chan brando.

Actividade/Recinto	Superficie (m^2)
Vestíbulo	11,57
Distribuidor	111,91
Despacho dirección-sala de profesores	24,38
Aula 0-1	53,31
Aula 1-2	53,31
Aula 2-3 con zona de descanso	66,90
Aula 2-3	41,83
Aseos	7,33
Comedor	39,83
Cociña	22,87
Cuarto instalacións	12,85
Aseos persoal	10,14
Deposito gasoil e sala de caldeira	14,14
Despensa	4,16
Lavandería	5,98
Aseo	7,55
Outros espazos interiores e exteriores (incluídos porches ,xardíns e patio de xogos)	124,65
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	**541,72**

EIM DA RAMALLOSA



O edificio está organizado en base a un eixe lonxitudinal perpendicular á estrada Santiago-A Estrada, na Urbanización Val da Ramallosa, parroquia de Lucí, que consta cunha superficie construída total de 734,65 m^2.

A Escola Infantil ten un amplo corredor interior que funciona como distribuidor e separa as aulas das zonas de instalacións, cociña, comedor, aseos do persoal, almacén, sala de profesores e despacho de dirección. Usase como patio interior.

A Escola conta con cinco unidades, na ala esquerda atopamos as dúas aulas de 2-3 anos cos espazos de hixiene e a continuación as dúas aulas de 1-2 anos cos seus espazos de hixiene e descanso. No fondo do corredor está a aula de 0-1 anos coa zona de hixiene e sala de descanso.

No outro lado do corredor, fronte ás aulas, a sala de usos múltiples que funciona como comedor, cociña, despensa, almacén, aseos do persoal e despacho de dirección. Tanto a cociña como o cuarto de instalacións conta con acceso directo desde o exterior.

O acceso ao patio exterior de xogos (situado ao norte do edificio e que conta cun cerramento de táboas de madeira) realízase de forma directa desde cada unha das aulas e desde o corredor central.

PLANTA	ACTIVIDADE	SUPERFICIE CONTRUÍDA (m^2)	SUPERFICIE ÚTIL (m^2)
BAIXA	Aula A		45,45 m^2
	Aula B		49,70 m^2
	Aula C		49,75 m^2
	Aula D		46,85 m^2
	Aula E		36,15 m^2
	Comedor		38,25 m^2
	Cociña	18,15 m^2	
	Despensa		6,40 m^2
	Almacén	14,80 m^2	
	Dirección	14,30 m^2	

7.- MOCIÓNS.

O sr. alcalde di que antes de presentar a moción conxunta sobre a comisión informativa especial para a mellora da seguridade lle gustaría recabar a opinión dos grupos, na medida en que se trata dunha moción conxunta, sobre a pertinencia ou non da moción, e, no caso de que teña algo que dicir, da secretaria.

Sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos interrómpese a sesión, que se reanuda pasados dez minutos, ás vinte e unha horas e cinco minutos.

O sr. alcalde explica que se vai a someter a votación a urxencia da moción.

Sometida a urxencia a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes e co quórum da maioría absoluta do número legal dos seus membros, acorda que se proceda ao debate e posterior votación da moción conxunta dos grupos municipais sobre a modificación da Comisión Informativa especial para a mellora da seguridade.

O sr. alcalde da conta da moción conxunta dos grupos políticos Son de Teo-Anova, PSdeG-PSOE, PP e grupo mixto sobre a modificación da Comisión Informativa especial para a mellora da seguridade, do 26 de xullo.

"MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS POLÍTICOS SONdeTEO-ANOVA, PsdG-PSOE, PPdG E BNG SOBRE A MODIFICACIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL PARA A MELLORA DA SEGURIDADE.

Na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada o 25 de abril de 2018, aprobouse por unanimidade unha moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a creación dunha Comisión Informativa Especial para a mellora da Seguridade. Máis concretamente, o punto único do acordo dicía textualmente:

> *Promover a posta en marcha do procedemento que corresponda segundo o establecido na normativa vixente para a creación da Comisión Informativa Especial para a mellora da Seguridade.*

Con posterioridade a este acordo, a Xunta de Portavoces decidiu, tamén por unanimidade, que fose a propia Xunta de Portavoces a que se reunise, cando fose necesario, para tratar o tema da seguridade, especialmente no relacionado co tema dos roubos nas urbanizacións e vivendas unifamiliares do concello. A Alcaldía comprometeuse a convocar a Xunta de Portavoces para tratar este tema cando o pedise calquera integrante da mesma e coa máxima celeridade.

Consecuentemente, semella necesario que o Pleno Municipal refrende este acordo da Xunta de Portavoces xa que modifica o acordo plenario do mes de abril, polo que se propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

Os temas que constitúen o obxecto de estudo e atención da "Comisión informativa especial para mellora da seguridade" promovida por acordo plenario do 25 de abril de 2018, serán tratados directamente pola Xunta de Portavoces, que será convocada pola Alcaldía para tratar o tema da seguridade sempre que o pida calquera dos membros que a compoñen

Teo, 26 de xullo de 2018"

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, salienta que el xa dixo no Pleno do 25 de abril que as Comisións Informativas estaban para outras cousas. Lembra que despois na Xunta de Portavoces o volveu a comentar e incluso nesa Xunta alguén comentou que se se trataba dunha Comisión de seguridade dos Tilos que acontecía se se producían roubos por exemplo en Cacheiras, se non se trataría na Comisión, polo que se chegou á conclusión de que, se ben estaban todos de acordo co que se pretendía con esa Comisión especial, o mellor era reformulala e reconducila á Xunta de Portavoces. Considera o sr. Fernández que esta tamén é a vía de tomarse en serio o Pleno e xa que se fixo por acordo plenario, modificalo por acordo plenario.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio R. Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que lle gustaría explicar varias cousas, comezando dende o principio. Refírese ao porque da creación da Comisión e sinala que, á marxe dos problemas de seguridade que poidan existir con carácter xeral, Os Tilos sufriu un azote especialmente importante e iso xerou unha alarma social evidente. Entón o PP sentiu a necesidade de que a veciñanza se vise respaldada cun apoio unánime de todos os grupos e pensaron que si había lugar a, dunha forma simbólica, facelo. Se consultou coa secretaría do concello cales eran os mecanismos para darlle esta resposta á veciñanza, e a secretaria do concello nos dixo que o mecanismo era a creación dunha Comisión Informativa especial, que son as que o Pleno pode constituír para un asunto concreto. Así pois o PP decidiu facer esa proposta, en base ás recomendacións da secretaria do concello, e se as recomendacións da secretaria do concello, máxima autoridade nesta cuestión, fosen outras, se tería proposto calquera outra proposta, como recollen outros regulamentos doutras institucións.

Explica o sr. Sánchez que había dúas formas de facer a proposta, aberta, como se fixo, ou pechada, co detalle dos membros, das funcións, etc, é dicir de cómo tiña que ser a Comisión Informativa. Porén, vendo ese clima de consenso que se xerou na reunión que tivo lugar nos Tilos e coa intención de que entre todos constituísen esa Comisión co máximo clima de consenso, non se fixo unha proposta de creación da Comisión, senón unha proposta para que se iniciaran os trámites para que se creara dita Comisión.

Salienta o sr. Sánchez que ese foi o motivo polo cal se propuxo, en primeiro lugar, a creación dunha Comisión Informativa especial e, en segundo lugar, que se propuxera como se propuxo e non doutra forma, co ánimo de facelo baixo o consenso.

Salienta que dende o seu grupo están de acordo perfectamente coa proposta, ou outra, porén tiveron lugar roubos nos Tilos a semana pasada de madrugada e non se enterou ninguén, e o sr. alcalde, como sempre, non lles informou. Considera que se cadra se houbera Comisión o sr. alcalde se vería na obriga de informalos e se non o fixera, pois malamente feito. Reitera o sr. Sánchez que se se fai a través da Xunta de Portavoces a

eles parécelles ben e dálles igual, xa que o caso era darlle o simbolismo á veciñanza, que vexan que existe unha preocupación especial. Considera que en realidade nin hai preocupación e as promesas en materia de seguridade nos Tilos por parte da alcaldía quedaron onde quedaron, e aquí seguen todos a espera de que o sr. alcalde, cada vez que exista un rogo sobre os Tilos, lles informe.

Di o sr. Sánchez que van apoiar a todo, salientando que o único que pregan é que se lles informe tanto do que aconteza como das decisións que se tomen nos Tilos. Sinala que o peor é que xa se está instalando non so un clima de inseguridade senón un ánimo de comezar a fuxir de alí e como representantes do concello non o poden permitir. Sinala que votaran a favor de todo sempre que se siga nese consenso de apoio á veciñanza neste problema que se está convertendo nun problema grave.

Interveño eu, secretaría da Corporación, para poñer de manifesto que efectivamente como explicou o sr. Sánchez se lle solicitou asesoramento sobre o tema da Comisión Informativa, matizando en todo caso que o que se lle consultou era a posibilidade de crear unha Comisión Informativa especial, e sobre ese tema se lle asesorou ao sr. Sánchez, sen que corresponda á que intervén facer valoracións políticas sobre como abordar os temas que se lle plantexen, e sen que se lle dixera ao sr. Sánchez que esa era a única forma de tratar o asunto, como parece que dou a entender o concelleiro do PP.

O sr. alcalde di que todas as cuestións, salvo as do día de hoxe, foron trasladadas, engadindo que a el ninguén lle comunicou, nin por parte da Policía local nin por parte da Garda Civil, ningún roubo a semana pasada. Explica que hoxe pola tarde mentres estaban reunidos si que lle chamou a policía local e lle informou dun intento que parece que se entrou, que estaba a casa deshabitada, que revolveron e non se levaron nada.

Sinala que a única cuestión que si sabía pero que non trasladou porque antes llo quería trasladar aos veciños, que estiveron aquí hoxe pola maña, é que a DXT denegou o permiso para a instalación das cámaras de tráfico que se lle solicitara. Salienta que esas son as novidades.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que o sr. Sánchez fai demagoxia, e faino ben, o cal é perigoso, engadindo que el non se adica e non está aquí para vender fume. Opina que se plantexaron unha serie de cuestións naquel Pleno e na Xunta de Portavoces que eran bastante razonables, incluso se falou de que se viña o responsable da Garda Civil, que ten moito que dicir nestes temas porque se se espera pola policía local de Teo ás once da noite non están, se ia a vir a unha Comisión especial ou a falar co sr. alcalde.

Explica que iso foi iso derivando en manter esta Comisión especial dotándoa de contido e que fora máis alá de algo puntual, ou senón quizais non ten tanto sentido, porque senón sería crear Comisións especiais cada vez que exista un problema, de calquera tipo, porque poden existir outros temas que tamén poden motivar unha Comisión especial, porén ese non é a solución para os problemas.

Considera o sr. Fernández que por reunirse a Comisión especial non se lle vai a resolver o problema dos roubos aos veciños, e non por reunirse a Comisión especial xa se vai a estar blindado durante un mes, ata a vindeira Comisión, porque de ser así se reunirían todas as semanas. Considera o sr. Fernández que hai que ter coidado coa demagoxia. Remata o sr. Fernández sinalando que isto é oportuno e é correcto e salienta que o sr. Sánchez arranca dunha maneira que non é axeitada, para despois dicir ao final que está de acordo. Sinala que parece que o sr. Sánchez é o bo e o resto son os malos e queren que entren nas casas, xa que ao derivalo á Xunta de portavoces vanse provocar máis roubos, porque detrás da forma de argumentar parece que se quere dicir iso, e non é así.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que so quería comentar que houbo un acordo da Xunta de Portavoces, onde estaba presente o Portavoz do PP, e falouse destes temas e da posibilidade que formulou o sr. Fernández no Pleno de cambiar esta Comisión para a Xunta de Portavoces, e todos estaban de acordo, e o tema quedou pechado, e incluso no seguinte Pleno preguntouse onde estaba a moción para cambiar a proposta da alcaldía. Entende a sr. Lemus que debe existir no PP unha

dicotomía entre batman e robín, cando debe existir un pouco de coordinación. Explica que se o sr. Portavoz na Xunta de Portavoces está de acordo, despois no seguinte Pleno se pregunta polo tema e non se amosa ningún cambio, pois o lóxico é que ao igual que chegaron a un consenso no acordo plenario, chegouse a un acordo na Xunta de Portavoces, onde todos falaron todo libremente, ademais con bastante responsabilidade do tema, porque é verdade que por moito que se xunten non se soluciona o problema, porque non cree que os señores albano kosobares se sintan moi presionados pola Xunta de Portavoces ou pola Comisión Informativa especial.

Sinala a sra. Lemus que independentemente do que se pode queixar o sr. Sánchez, sobre a falta de información ou de que o sr. Sánchez ten máis información que o sr. alcalde, que é curioso, o que hai é que manter unha certa coherencia entre o que se fala na Xunta de Portavoces e o que se fala no Pleno, porque parecía que a moción a sacou o alcalde e os do PP estaban como se se tratara dunha sorpresa cando xa se falou varias veces do tema, polo que se agradecería un pouco de coherencia.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e di que comezou dicindo que estaba de acordo con isto sempre e cando se lles facilite información tanto sobre o que aconteza como do que se vai a facer, polo que como chiste o de batman e robin lle parece estupendo, porén comezou dicindo exactamente o mesmo que o sr. portavoz do PP dixo na Xunta de Portavoces. Sinala que na súa intervención o único que pretendeu foi xustificar porque eles propuxeron, baixo o asesoramento da secretaría, a creación dunha Comisión Informativa especial, e a cuestión non vai máis alá. Sinala que en todo caso hai outra cousa, porque diante dos veciños todos os grupos presentes se comprometeron a facer esa Comisión Informativa especial, e por iso eles demandaban esa Comisión.

Non entende o sr. Sánchez porque motivo se dixeron algunhas das cousas que se acaban de dicir absolutamente desproporcionadas do que el comentou, engadindo que, tal e como comezou dicindo, por riba de todo teñen por bandeira a seguridade nos Tilos e en todo o Concello, resultándolle indiferente a vía. Di que en todo caso non van a quedar como *peleles*, eles propuxeron unha cousa, todos dixeron que si e finalmente

despois se estableceu todo o contrario, polo que haberá que darlle unha xustificación pública a esta viraxe.

O sr. Sánchez, dirixíndose ao sr. alcalde e solicitando que conste en acta, sinala que non hai unha soa vez que el interveña que o sr. tenente de alcalde non faga mofa del.

O sr. alcalde di que deixando a un lado as sensibilidades que cada un teñan, el non aprecia o dito polo sr. Sánchez, porén cada un o pode ver no sentido que considere.

Sinala que se vai a someter a votación a moción conxunta, antes de que deixe de ser conxunta, engadindo que non o plantexan nin como un viraxe nin como todo o contrario. Explica que se adopta isto porque o vían, a raíz do que falaron entre todos, como unha forma máis áxil de concretar iso, polo que para eles segue tendo a mesma intención, obxectivos e prioridade que cando se formulaba dun xeito diferente.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (6 Son de Teo-ANOVA, 7 PP, 2 PSdeG-PSOE e 1 grupo mixto), acorda que os temas que constitúen o obxecto de estudo e atención da "Comisión informativa especial para mellora da seguridade" promovida por acordo plenario do 25 de abril de 2018, serán tratados directamente pola Xunta de Portavoces, que será convocada pola Alcaldía para tratar o tema da seguridade sempre que o pida calquera dos membros que a compoñen.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MIXTO.

O concelleiro do grupo mixto, sr. Fernández, formula os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández interésase polo saneamento en Mazás, engadindo que sabe que se mirou, que se estaba aí, pero quería saber a previsión, se pode ser, a definitiva.

O sr. alcalde di que segunda quincena de setembro ou primeira de outubro.

O sr. Fernández pregunta se será desa, respondendo o sr. alcalde que espera que sí.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

O/a concelleiro/a do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta o sr. Guerra cando se lle vai a levar a auga á rúa Balcaide.

O sr. alcalde refírese á problemática e explica que, tratándose do cruce debaixo da nacional 550, os veciños dicían que había unha condución antiga que podía aproveitarse, polo que se depende un pouco diso, porén antes de final de ano estará.

2.- O sr. Guerra di que na fonte de Paredes non sae auga.

A sra. Lemus explica que chamou o luns unha señora dicindo que saían unhas gotas, polo que se terá que mirar.

3.- O sr. Guerra sinala que as pistas de Insúa a Paraxó están inutilizadas.

O sr. Sisto di que en xeral todas as pistas de Insúa están bastante cativas, porén se está agora licitando, xa se adxudicou, o do bombeo, e ese bombeo vai por esa pista polo que se quere rematar todo antes de facer un arranxo definitivo.

4.- O sr. Guerra di que uns veciños lle preguntaban polo alcantarillado a Laxes, ás casas que hai alí.

O sr. alcalde explica a programación do servizo de augas, e di que, salvo cuestións de saneamento que levaban moito tempo pendentes de execución e que se tiñan que

executar, como pode ser un tramo fronte á Caixa de Aforros, ou o saneamento de Mazas, ou o da N-550, a prioridade absoluta era a ampliación da rede de abastecemento, levar polo menos a ter a tubaria xeral na entrada das aldeas para poder facer unha asistencia rápida. Explica que agora se está facendo a de Monteselo, que tamén se vai a asfaltar, e está licitado todo o que é o material para as ampliación cara á Baamonde e cara á parroquia de Reis.

Sinala que nesa medida ese saneamento vai a ter que meterse na programación do ano que ven.

5.- Refírese o sr. Guerra ao ascensor da policía e di que é un pendello, que non hai por onde collelo e non vai en consonancia co edificio de pedra. Igual que os asentamentos para estes cadros que están poñendo, incluso invadindo nalgún lugar as pistas, que quedan fatal.

O sr. alcalde di que, máis alá de valoracións estéticas, aínda que a el tampouco lle gusta moito, o que é prioritario é o da accesibilidade

A sra. Lemus salienta que o proxecto foi aprobado, tamén polo PP, no Pleno.

6.- O sr. Sánchez pregúntalle ao sr. alcalde se a estas alturas xa non se aproban os orzamentos.

O sr. alcalde resposta que os de este ano non. Explica que os orzamentos teñen que ter un obxectivo que é dar marxe de actuación, fanse porque hai novas necesidades e tes que ter capacidade de xestión. O problema que hai no orzamento deste ano é o crédito do IDAE que contabiliza como gastos pero non como ingresos, aínda que o concello non pon nin un peso. Iso bloquea calquera orzamento porque hai que eliminar 2.560.000 € de gastos, aínda que non sexa real, polo que se considerou que era mellor non facer este ano e facer todo o posible para ter uns orzamentos para o primeiro de xaneiro do 2019 con certa visión de continuidade. Explica o sr. alcalde que nos últimos tempos se produciron situacións que conviña reflectir orzamentariamente, para que

reflictan a situación económica do concello, por iso consideran que poderían ser importantes facelo para o 2019, e tamén porque van a poder ser uns orzamentos operativos e que aporten capacidade de actuación.

7.- A sr. Vázquez di que unha das primeira mesas de contratación ás que asistiu, a sra. Lemus lle dixo que anotaba moitas cousas, e as veces sírvelle de algo. Explica que cando preguntou pola aparcadero de Pontevea, no anterior Pleno, se lle dixo que realmente non había un ano que se estaba esperando por iso, e no Pleno de xullo de 2017 ela xa preguntou por este tema e o que se lle dixo e que se estaba esperando por algo técnico. Sinala que os veciños e os empresarios de Pontevea, que falaron con ela, comentáronlle que o que se lles dixo a eles é que se estaba esperando por un documento dunha secretaria técnica e a sra. Lemus no anterior Pleno lle dixo que iso ía para pronto.

A sra. Vázquez di que, tendo en conta que no Pleno de xullo de 2017 ela xa preguntou por ese tema, quere saber cántos meses pode levar ese pronto que lle dixo no Pleno pasado.

A sra. Lemus aclara que a secretaria técnica é a secretaria do concello.

Co permiso da presidencia, interveño eu, secretaria da Corporación, e confirmo que o asunto está no departamento de secretaría e que o retraso débese, como noutros casos, á insuficiencia de medios e ás dificultades que se veñen presentando nos últimos meses co tema da Administración electrónica, especialmente coa licitación electrónica, o que está provocando retrasos noutros asuntos.

A sra. Vázquez sinala que era por saber un pouco máis do tema, que entende o traballo de cada un, esperando que tamén se entenda que ela dende a súa posición o que lle toca é preguntar, porque tamén é un tema que lle afecta de cerca, e porque ademais o outro día se lle dixo que non había tanto tempo, e si que hai un ano que

preguntara polo tema. Espera a sra. Vázquez que sexa a maior brevidade posible dentro de todo o que haxa, e nada máis.

O sr. alcalde lembra que na segunda quincena de agosto se terá que celebrar o Pleno do que se falou.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)

Firmado digitalmente por 33252651X RAFAEL CARLOS SISTO (R: P1508300I)
Fecha: 2018.09.06 14:00:23 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C

Firmado digitalmente por VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Qualified Certificate: AAPP-FP-M-HW-KUSU, cn=VIRGINIA FRAGA DÍAZ - 76967703C, givenName=VIRGINIA, sn=FRAGA DÍAZ, serialNumber=76967703C, ou=certificado electrónico de empleado público, o=CONCELLO DE TEO, c=ES
Fecha: 2018.09.06 13:34:48 +02'00'
Versión de Adobe Acrobat Reader: 2018.011.20058

Virginia Fraga Díaz